



PARLAMENTO  
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

X lexislatura  
Número 184  
29 de setembro de 2017

Fascículo 3



## SUMARIO

---

### 1. Procedementos parlamentarios

#### 1.1. Procedementos de natureza normativa

##### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Cualificación de emendas ao articulado á Proposición de lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia (doc. núm. 13196, 10/PPL-000009, BOPG nº 154, do 28.07.2017)

Emendas ao articulado

- Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 17651) [54090](#)
- Do G. P. de En Marea (doc. núm. 17656) [54110](#)
- Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 17669) [54141](#)
- Do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 17670) [54153](#)

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.1. Procedementos de natureza normativa

#### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1.2. Proposicións de lei

A Mesa da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na reunión do 29 de setembro de 2017, adoptou os seguintes acordos:

#### **Cualificación de emendas ao articulado á Proposición de lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia (doc. núm. 13196, 10/PPL-000009, BOPG nº 154, do 28.07.2017)**

Examinados os catro escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acorda a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas ao articulado

- Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 17651)
- Do G. P. de En Marea (doc. núm. 17656)
- Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 17669)
- Do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 17670)

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2017  
Miguel Ángel Sanalices Vieira  
Presidente

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO  
SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROPOSICIÓN DE LEI DE FOMENTO DA  
IMPLANTACIÓN DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS EN GALICIA (NUM.  
EXPE. 10/PPL-000009).**

Emenda nº1, de Supresión. Artigo 1

Débese suprimir do artigo 1 o seguinte contido:

Suprimir: "así como a coordinación das actuacións neste eido das diferentes consellarías da Administración xeral da Comunidade Autónoma e dos concellos,"

---

Emenda nº2, de Adición. Artigo 1

Débese engadir un novo parágrafo no artigo 1, que quedará redactado co seguinte contido:

"A Xunta de Galicia promoverá a coordinación das actuacións neste eido co resto das administracións públicas."

---

Emenda nº3, de Modificación. Artigo 2

Débese modificar no artigo 2 a seguinte expresión, que quedará redactado co seguinte contido:

Onde di: "...servizos relacionados co sector industrial e comercial por xunto que precisen para a súa implantación..." debe dicir: "...servizos relacionados co sector industrial e actividade comercial por xunto, de acordo co definido no artigo 4 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia."

---

Emenda nº4, ao apartado f, de Supresión. Artigo 3

Débese suprimir na letra f do artigo 3 a seguinte expresión:

Suprimir: "autonómico e municipal"

---

Emenda nº5, ao apartado f, de Adición. Artigo 3

Débese engadir ao final da letra f do artigo 3 o seguinte contido:

Engadir in fine: "...por parte da Administración autonómica."

---

Emenda nº6, de Adición. Artigo 4

Débese engadir ao final do artigo 4 o seguinte contido:

"...,especialmente coa competente en materia industrial e co Instituto Galego de Promoción Económica."

---

Emenda nº7, de Adición. Artigo 4

Débese engadir un novo parágrafo no artigo 4, que quedará redactado co seguinte contido:

"Igualmente compételle a esta consellería, en coordinación coa consellería encargada da materia de avaliación e reforma administrativa, a promoción de cantas accións considere necesarias para a simplificación e redución de cargas administrativas, así como a supresión de trámites e documentación innecesaria."

---

Emenda nº8, de Adición. Artigo 5

Débese engadir ao final do artigo 5 un novo parágrafo que quedará redactado co seguinte contido:

"Igualmente a realización de actividades dirixidas á promoción e xestión de solo empresarial poderá ser realizada a través da da Sociedade Pública Xestión de Solo de Galicia - Xestur S.A."

---

Emenda nº9, de Supresión. Artigo 6

Débese suprimir todo o artigo 6.

---

## Emenda nº10, de Supresión. Artigo 7

Débese suprimir todo o artigo 7.

---

## Emenda nº11, de Modificación. Artigo 7

No caso de non ser aceptada a emenda anterior, emenda número 10 de supresión do artigo 7, débese modificar o artigo 7 que quedará redactado co seguinte contido:

""Artigo 7. Coordinación e avaliación

1.- "A Xunta de Galicia coordinará o exercicio das súas competencias relacionadas coa implantación de iniciativas empresariais co resto de administracións, para o cal se levará a cabo periodicamente unha avaliación dos efectos e resultados obtidos, coa elaboración de propostas, valoración da adecuación de solo asignado, así como situación do estado dos seus equipamentos e daquelas outras cuestións con incidencia na materia, tales como:

- a) A súa situación exacta, a través das correspondentes coordenadas.
- b) A súa denominación, se a ten.
- c) A descrición de todos os seus servizos dispoñibles.
- d) A existencia, ou non, de entidade propia de xestión.
- e) Se a súa promoción é pública ou privada e, no seu caso, a existencia concreta do seu solo dispoñible.
- f) O sector ou actividade das empresas instaladas.

2.- Calquera actuación para a implantación de iniciativas empresariais, deberá ser incluídas, no seu caso e logo dos trámites legais procedentes, no Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia, aos efectos do establecido pola Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación del territorio de Galicia.

3.- Polo Instituto Galego de Vivenda e Solo se realizará unha memoria anual aos efectos de control e valoración da execución pormenorizada do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia, que será aprobado polo Consello da Xunta de Galicia terá carácter público e se remitirá para a súa valoración ao Parlamento de Galicia.

4.- Dentro da mesma se incluírá unha valoración específica sobre cada unha das actuacións levadas a cabo por cada un dos diversos promotores de solo empresarial, nos que se incluírá especificamente á empresa pública "Suelo empresarial del Atlántico S.A."

---

Emenda nº12, ao apartado a, de Adición. Artigo 7

No caso de non ser aceptadas as dúas anteriores emendas (a emenda número 10 e a 11), débese engadir ao final da letra a do artigo 7 o seguinte contido:

Engadir in fine: "...e tendo en conta as singularidades ou especiais características singulares de cada zona."

---

Emenda nº13, de Supresión. Artigo 8

Débese suprimir todo o artigo 8.

---

Emenda nº14, de Adición. Artigo 8

No caso de non ser aceptada a emenda anterior, a emenda número 13 de supresión do artigo 8, débese engadir no artigo 8 o seguinte contido:

Despois de: "...apreciar o Consello da Xunta de Galicia," engadir: "...previo informe do Instituto Galego da Vivenda e Solo e do concello ou concellos afectados..."

---

Emenda nº15, de Adición. Artigo 9

Débese engadir ao final do artigo 9 o seguinte contido:

Engadir in fine: "Previamente se deberá solicitar informe do concello ou concellos afectados."

---

Emenda nº16, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 10

Supresión no punto 1 do artigo 10 a seguinte expresión:

Suprimir: "...promovida por promotores públicos..."

---

Emenda nº17, ao apartado 2, de Adición. Artigo 10

Débase engadir no punto 2 do artigo 10 a seguinte expresión:  
Despois de: "...fases de urbanización corresponderá" engadir:  
", logo do preceptivo informe municipal,..."

---

Emenda nº18, ao apartado 3.c, de Modificación. Artigo 10

Débase modificar na alínea c) do punto 3 do artigo 10 o seguinte contido:  
Onde di: "...concello respectivo e a súa afección ao uso público." debe dicir: "...concello respectivo e a súa posible afección ao uso público."

---

Emenda nº19, ao apartado 3.c, de Adición. Artigo 10

Débase engadir ao final da alínea c) do punto 3 do artigo 10 o seguinte contido:  
Engadir in fine: "...e sempre que o seu informe, de acordo ao establecido no punto 2 anterior, houbera sido de conformidade."

---

Emenda nº20, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 11

Débase modificar no punto 1 do artigo 11 o seguinte contido:  
Onde di: "...serán aprobados por resolución da presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo." debe dicir: "...serán aprobados, logo do preceptivo informe municipal, por resolución da presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo."

---

Emenda nº21, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 11

Débase modificar o punto 4 do artigo 11 que quedará redactado co seguinte contido:  
"4.Logo de rematadas as obras de urbanización conforme o proxecto aprobado e, de ser o caso, as modificacións autorizadas, as obras serán recibidas polo concello ou no seu caso concellos correspondentes e destinadas no seu caso a



uso público e sempre que o seu informe, de acordo ao establecido no punto 1 anterior, houbera sido de conformidade."

---

#### Emenda nº22, de Modificación. Artigo 12

Débase modificar o artigo 20, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo. 12. Información actualizada do Plan sectorial de ordenación das áreas empresariais

As determinacións contidas no Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia teñen forza vinculante para os promotores de solo empresarial e se coordinarán cas determinacións do planeamento urbanístico vixente dos concellos en que se asenten as súas actuacións.

A tal efecto, dende o Instituto Galego da Vivenda e Solo, se manterán actualizadas a información para coñecer en cada momento o solo realmente dispoñible e o seu grado de ocupación, así como o desenvolvemento previsto para cada unha das súas actuacións e as características principais do solo ofertado.

Dita información será pública e terá carácter accesible e de forma gratuíta a través dos portais de internet do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Para o cumprimento de dita finalidade, o Instituto Galego da Vivenda e Solo poderá demandar dos promotores de solo empresarial a información necesaria."

---

#### Emenda nº23, ao apartado 1, de Adición. Artigo 13

Débase engadir ao final do punto 1 do artigo 12 o seguinte contido:

Engadir in fine: "...incluídas no Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia."

---

#### Emenda nº24, ao apartado 2, de Adición. Artigo 13

Débase engadir ao final do punto 2 do artigo 12 o seguinte contido:



Engadir in fine: "...e sempre que exista acordo previo ao respecto."

---

Emenda nº25, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 14

Débese modificar opunto 1 do artigo 14, que quedará redactado co seguinte contido:

"1. O Instituto Galego da Vivenda e Solo e a sociedade Xestión do Solo de Galicia, S. A. aprobarán anualmente programas de incentivos para o acceso ao solo da súa titularidade, incluíndo bonificacións no prezo de venda, adxudicación en dereito de superficie con opción de compra ou dereitos de adquisición preferente a favor das persoas titulares das parcelas."

---

Emenda nº26, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 14

Débese suprimir todo o punto 2 do artigo 14.

---

Emenda nº27, ao apartado 1 bis), de Adición. Artigo 15

Débese engadir un novo punto no artigo 15 que quedará redactado co seguinte contido:

"1 bis. As determinacións dos proxectos empresariais singulares deberán formar parte e estar contidas no Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia, logo no seu caso das modificacións legais previas e oportunas."

---

Emenda nº28, ao apartado 1 ter), de Adición. Artigo 15

Débese engadir un novo punto no artigo 15 que quedará redactado co seguinte contido:

"1 ter. As declaracións de proxectos empresariais singulares deberán ser acordes e posibles en relación ás disposicións de carácter xeral en materia de planificación e de execución da política industrial da Comunidade Autónoma de Galicia, tal e como se definen no artigo 50 do Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das

disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial."

---

Emenda nº29, ao apartado 2, de Adición. Artigo 15

Engadir ao final do punto 2 do artigo 15 o seguinte contido:

Engadir in fine: "...En todo caso previamente a persoa titular da consellería competente en materia de industria, por proposta da dirección xeral, remitiralle ao concello correspondente o proxecto de que se trate, para que notifique a súa conformidade ou desconformidade e a súa aceptación co planeamento urbanístico en vigor. No caso de desconformidade urbanística, o expediente seralle remitido á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio para a emisión de informe da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia."

---

Emenda nº30, ao apartado 4, de Adición. Artigo 15

Engadir ao final do punto 4 do artigo 15 o seguinte contido:

Engadir in fine: "...e en todo caso deberá quedar garantida a súa viabilidade económica."

---

Emenda nº31, de Adición. Artigo 16

Débese engadir un novo parágrafo no artigo 16, que quedará redactado co seguinte contido:

"A consideración de proxectos industriais estratéxico deberán ser previamente informados polo Consello Galego de Industria, de acordo co artigo 10 e seguintes da Lei 13/2011, do 16 de decembro, reguladora da política industrial de Galicia."

---

Emenda nº32, de Modificación. Artigo 17

Débese modificar o artigo 17 que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 17. Flexibilización dos medios de pagamento do solo público



O Consello da Xunta de Galicia poderá acordar a flexibilización dos medios de pagamento do seu solo público, mediante o establecemento de períodos de carencia ou de non repercusión de xuros durante un período de tempo que en todo caso non poderá ser superior a cinco anos."

---

Emenda nº33, de Supresión. Artigo 18

Débase suprimir todo o artigo 18.

---

Emenda nº34, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 19

Débase modificar o punto 3 do artigo 19 o seguinte contido:  
Onde di: "...pola normativa urbanística, os concellos, a través do planeamento..." debe dicir: "...pola normativa urbanística, a administración, a través do planeamento..."

---

Emenda nº35, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 19

Débase modificar no punto 3 do artigo 19 o seguinte contido:  
Onde di: "...trasladar por tempo determinado ás persoas propietarias,..." debe dicir: "...trasladar polo tempo acordado ás persoas propietarias,..."

---

Emenda nº36, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 20

Débase modificar o punto 1 do artigo 20, que quedará redactado co seguinte contido:  
"1. A prestación nas áreas empresariais de servizos comúns que pode ser asumida polas persoas propietarias de maneira colectiva mediante a súa constitución nunha entidade asociativa de xestión da área de solo."

---

Emenda nº37, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 21

Débase modificar no punto 1 do artigo 21 o seguinte contido:

Onde di: "...régime xurídico do sector público, coa finalidade de mellorar as infraestruturas,..." debe dicir: "...régime xurídico do sector público, coa finalidade de conservar ou mellorar as infraestruturas..."

---

Emenda nº38, de Supresión. Artigo 22

Débese suprimir todo o artigo 22.

---

Emenda nº39, de Supresión. Artigo 23

Débese suprimir todo o artigo 23.

---

Emenda nº40, de Supresión. Artigo 24

Débese suprimir todo o artigo 24.

---

Emenda nº41, de Supresión. Artigo 25

Débese suprimir todo o artigo 25.

---

Emenda nº42, de Supresión. Artigo 26

Débese suprimir todo o artigo 26.

---

Emenda nº43, de Modificación. Artigo 29

Débese modificar ao final do punto 1 do artigo 29 a seguinte expresión:

Onde di: "...terá unha duración non inferior a trinta días." debe dicir: "...terá unha duración non inferior a corenta e cinco días."

---

Emenda nº44, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 33

Débese modificar no punto 1 do artigo 33 a seguinte expresión: Onde di: "...terá unha duración non inferior a trinta días." debe dicir: "...terá unha duración non superior a corenta e cinco días."

---

Emenda nº45, de Adición. Artigo 34

Débese engadir un novo parágrafo no artigo 34, que quedará redactado co seguinte contido:  
"No caso de resultar negativo, implicará o arquivo dos procedementos aos que a declaración de impacto ambiental estea vinculada."

---

Emenda nº46, de Supresión. Artigo 35

Débese suprimir todo o artigo 35.

---

Emenda nº47, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 35

No caso de non ser aceptada a emenda anterior, emenda número 46 de supresión do artigo 35, débese modificar no punto 2 do artigo 35 a seguinte expresión: Onde di: "...no prazo máximo de dous meses desde a data de entrada no rexistro..." debe dicir: "...no prazo máximo de catro meses desde a data de entrada no rexistro..."

---

Emenda nº48, de Supresión. Artigo 36

Débese suprimir todo o artigo 36.

---

Emenda nº49, de Adición. Artigo 36

En caso de non aceptar a emenda anterior, emenda número 48 de supresión do artigo 36, débese engadir ao final do artigo 36 o seguinte contido:

Engadir in fine: "Esta información será realizada a través do Sistema de Información Ambiental de Galicia."

---

Emenda nº50, ao apartado 10, de Modificación. Artigo 37

Débase modificar no punto 10 do artigo 37 a seguinte expresión:

Onde di: "...remisión destes informes será dun mes desde a recepción..." debe dicir: "...remisión destes informes será de corenta e cinco días desde a recepción..."

---

Emenda nº51, de Supresión. Artigo 38

Débase suprimir todo o artigo 38.

---

Emenda nº52, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 40

Débase modificar o punto 1 do artigo 40, que quedará redactado co seguinte contido:

"A Comunidade Autónoma de Galicia aprobará un réxime de incentivos ao investimento, de natureza subvencional ou de bonificacións impositivas autonómicas, coa finalidade de fomentar o desenvolvemento de proxectos de investimento, de contía significativa e que deberá singularizarse anualmente nos correspondentes orzamentos da Comunidade Autónoma, especificándose no seu caso as diferentes partidas orzamentarias destinadas a tal finalidade, con creación de emprego e que supoñan a creación de novos proxectos empresariais, así como a ampliación ou a modernización dos xa existentes."

---

Emenda nº53, ao apartado 1, de Adición. Artigo 40

Débase engadir ao final do punto 1 (no primeiro parágrafo) do artigo 40 o seguinte contido:

Engadir in fine: "...dirixidos a acadar unha maior equidade e benestar social e económico, favorecendo os intereses xerais."

---

Emenda nº54, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 40

Débase suprimir todo o punto 2 do artigo 40.

---

Emenda nº55, de Modificación. Artigo 41

Débase modificar o artigo 41, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 41. Medidas de promoción fiscal para facilitar a implantación de iniciativas empresariais

A Xunta de Galicia a través dos seus orzamentos anuais, establecerá mecanismos de mellora do financiamento dos concellos galegos para facilitar a implantación de iniciativas empresariais. A cuantificación do seu importe será, ao menos, do 50 % do total existente para o importe que quede establecido segundo o artigo anterior e será outorgado en función de criterios obxectivos e públicos previamente publicados."

---

Emenda nº56, ao apartado 1, de Adición. Disposición adicional primeira

Débase engadir ao final do punto 1 da disposición adicional primeira a seguinte expresión:

Engadir in fine: "...cando así o houberan acordado."

---

Emenda nº57, ao apartado 2, de Supresión. Disposición adicional primeira

Débase suprimir no punto 2 da disposición adicional primeira a seguinte expresión:

"ou é algunha das entidades locais galegas."

---

Emenda nº58, de Supresión. Disposición adicional segunda

Débase suprimir toda a disposición adicional segunda.

---



Emenda nº59, de Adición. Disposición transitoria primeira

Débese engadir ao final da disposición transitoria primeira o seguinte contido:

Engadir in fine: "...Non obstante os interesados poderán, a través do órgano competente para a instrución e resolución do procedemento único integrado, no prazo dun mes dende a aprobación da presente lei, solicitar tramitalos de acordo á nova normativa establecida na presente lei."

---

Emenda nº60, de Supresión. Disposición transitoria segunda

Débese suprimir na disposición transitoria segunda a seguinte expresión:

Suprimir: "á entrada en vigor dela."

---

Emenda nº61, de Supresión. Disposición transitoria terceira

Débese suprimir toda a disposición transitoria terceira.

---

Emenda nº62, de Supresión. Disposición transitoria cuarta

Débese suprimir toda a disposición transitoria cuarta.

---

Emenda nº63, de Supresión. Disposición transitoria quinta

Débese suprimir toda a disposición transitoria quinta.

---

Emenda nº64, de Supresión. Disposición derogatoria primeira

Débese suprimir toda a disposición derogatoria primeira.

---

Emenda nº65, de Supresión. Disposición derradeira primeira

Débese suprimir toda a disposición derradeira primeira.

---

Emenda nº66, de Supresión. Disposición derradeira segunda

Débese suprimir toda a disposición derradeira segunda.

---

Emenda nº67, de Supresión. Disposición derradeira terceira

Débese suprimir toda a disposición derradeira terceira

---

Emenda nº68, de Supresión. Disposición derradeira cuarta

Débese suprimir toda a disposición derradeira cuarta.

---

Emenda nº69, de Supresión. Disposición derradeira quinta

Débese suprimir toda a disposición derradeira quinta.

---

Emenda nº70, de Supresión. Disposición derradeira sexta

Débese suprimir toda a disposición derradeira sexta.

---

Emenda nº71, de Supresión. Disposición derradeira sétima

Débese suprimir toda a disposición derradeira sétima.

---

Emenda nº72, de Supresión. Disposición derradeira oitava

Débese suprimir toda a disposición derradeira oitava.

---

Emenda nº73, de Supresión. Disposición derradeira novena

Débese suprimir toda a disposición derradeira novena.

---

Emenda nº74, de Supresión. Disposición derradeira décima

Débese suprimir toda a disposición derradeira décima.

---

Emenda nº75, de Supresión. Disposición derradeira décimo primeira

Débese suprimir toda a disposición derradeira décimo primeira.

---

Emenda nº76, de Supresión. Disposición derradeira décimo segunda

Débese suprimir toda a disposición derradeira décimo segunda.

---

Emenda nº77, ao apartado 3, de Modificación. Disposición derradeira décimo segunda

No caso de non ser aceptada a emenda número 76, de supresión da disposición derradeira décimo segunda, débese modificar no punto tres da disposición derradeira décimo segunda o seguinte contido:

Onde di: "...patrimonio cultural para que, no prazo dun ano, se publique na ferramenta xeográfica..." debe dicir: "...patrimonio cultural para que, no prazo de seis meses, se publique na ferramenta xeográfica..."

---

Emenda nº78, ao apartado 3, de Adición. Disposición derradeira décimo segunda

No caso de non ser aceptada a emenda anterior, a emenda número 76 de supresión da disposición derradeira décimo segunda, débese engadir ao final do punto tres da disposición adicional décimo segunda o seguinte contido:



Engadir in fine: "...Dita información deberá ser publicada na páxina web da consellería ou entidade competente da Xunta de Galicia en materia de patrimonio cultural."

---

Emenda nº79, ao apartado 3 bis), de Adición. Disposición derradeira décimo segunda

No caso de non ser aceptada a emenda número 76, de supresión da disposición derradeira décimo segunda, débese engadir un novo punto, que quedará redactado co seguinte contido:

"Tres bis. Engádesse unha nova disposición transitoria novena - bis á Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria novena - bis.- Aumento de medios para a elaboración dos informes patrimoniais.

"1. Co obxecto de dar cumprimento aos prazos establecidos para a elaboración dos informes preceptivos en materia de patrimonio cultural, a Xunta de Galicia procederá a un aumento do persoal e medios materiais dedicados a tal fin.

2. A consellería competente en materia de patrimonio cultural, no prazo de un ano, remitirá ao Parlamento de Galicia un informe ao respecto do establecido no punto anterior.»"

---

Emenda nº80, de Supresión. Disposición derradeira décimo terceira

Débese suprimir toda a disposición derradeira décimo terceira.

---

Emenda nº81, ao apartado 2, de Modificación. Disposición derradeira décimo cuarta

Débese modificar no punto 2 da disposición derradeira décimo cuarta a seguinte expresión:

Onde di: "...investimento previsto no artigo 30." debe dicir: "...investimento previsto no artigo 40 e anualmente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, dun xeito singularizado."

---

Emenda nº82, de Modificación. Disposición derradeira décimo quinta

Débase modificar a disposición derradeira décimo quinta, que quedará redactada co seguinte contido:

"No prazo dun ano dende a entrada en vigor da presente lei, o Consello da Xunta de Galicia, por proposta das persoas titulares de cada unha das materia competentes nas materias indicadas, logo dos trámites oportunos e de acordo ao Regulamento de Parlamento de Galicia, aprobará os correspondentes decretos lexislativos que refunda a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental e da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia."

---

Emenda nº83, de Supresión. Exposición de motivos

Débase suprimir na epígrafe I da exposición de motivos, o terceiro parágrafo, todos os seus puntos.

Suprimir dende: "Fundada nestas bases..." ata: "...procedementos administrativos relacionados con aquelas."

---

Emenda nº84, de Supresión. Exposición de motivos

No caso de non ser aceptada a emenda número 83, de supresión do terceiro parágrafo da epígrafe I da exposición de motivos, débese suprimir no parágrafo terceiro o seguinte punto:

Suprimir: "— En canto ao principio de transparencia, no procedemento de elaboración desta lei promoveuse a máis ampla participación da cidadanía en xeral e dos operadores económicos dos sectores afectados en particular."

---

Emenda nº85, de Supresión. Exposición de motivos



Débase suprimir o parágrafo quinto da epígrafe I da exposición de motivos.

Suprimir: "A lei complétase con dúas disposicións adicionais, cinco transitorias, dúas derogatorias e dezaseis derradeiras. Estas últimas, ademais de conteren as previsións de carácter técnico sobre o desenvolvemento regulamentario e a entrada en vigor da lei, conectan co contido do título II, ao acometeren a modificación da normativa sectorial de Galicia aplicable á implantación e ao desenvolvemento das iniciativas empresariais en sectores tan relevantes como o aproveitamento da enerxía eólica, a actividade mineira ou os aproveitamentos madeireiros, co fin de conseguir a simplificación daquela."

---

Emenda nº86, de Supresión. Exposición de motivos

Débase suprimir no último parágrafo da epígrafe IV da exposición de motivos a seguinte expresión.

Suprimir: "que incorporen nas súas figuras tributarias medidas para facilitar a implantación de iniciativas empresariais."

---

Emenda nº87, de Supresión. Exposición de motivos

Débase suprimir a epígrafe V da exposición de motivos.

---

Emenda nº88, de Supresión. Exposición de motivos

Débase suprimir a epígrafe VI da exposición de motivos.

---

Emenda nº89, de Supresión. Exposición de motivos

Débase suprimir a epígrafe VII da exposición de motivos.

---

Emenda nº90, de Supresión. Exposición de motivos

Débase suprimir a epígrafe VIII da exposición de motivos.



---

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/09/2017  
16:59:57**

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO EN MAREA  
AO PROPOSICIÓN DE LEI DE FOMENTO DA IMPLANTACIÓN DE  
INICIATIVAS EMPRESARIAIS EN GALICIA (NUM. EXPE. 10/PPL-000009).**

Emenda nº1, de Substitución. Artigo 1

Débase substituír o texto polo seguinte:

"Constitúe o obxecto da presente lei o fomento da actividade económica compatible co respecto ao medio ambiente e á conservación dos valores propios do país, co obxectivo de que a utilización dos seus recursos naturais ademáis de ser sustentable teña como obxectivo o retorno social da riqueza xerada."

---

Emenda nº2, de Substitución. Artigo 2

Débase substituír o texto do artigo polo seguinte:

"As previsións desta lei aplícanse ás iniciativas económicas sustentables."

---

Emenda nº3, ao apartado a), de Supresión. Artigo 3

Débase substituír o texto do apartado a) polo seguinte:

"a) Sustentabilidade, racionalidade na utilización dos recursos naturais e priorización do interés xeral."

---

Emenda nº4, ao apartado b), de Supresión. Artigo 3

Débase suprimir no apartado b) a seguinte expresión:

"dirixidas a fomentar a implantación de iniciativas empresariais."

---



Emenda nº5, ao apartado c), de Supresión. Artigo 3

Débese suprimir no apartado c) a seguinte expresión:  
"e facilidade para o acceso ao mesmo das iniciativas empresariais que o demanden."

---

Emenda nº6, ao apartado e), de Supresión. Artigo 3

Débese suprimir o texto do apartado e)

---

Emenda nº7, ao apartado f), de Supresión. Artigo 3

Débese suprimir o texto do apartado f)

---

Emenda nº8, de Supresión. Artigo 8

Débese suprimir este artigo.

---

Emenda nº9, ao apartado 1, de Adición. Artigo 14

Débese engadir ao remate do punto 1 a seguinte expresión:

"Definirase regulamentariamente os criterios para a escolla das iniciativas empresariais e os incentivos a aplicar."

---

Emenda nº10, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 15

Débese substituír o texto do punto 1 polo seguinte:

"1. Definíranse regulamentariamente os sectores e actividades susceptibles de ser declaradas Proxectos Industriais Estratégicos, priorizando sectores que xeneren máis emprego

local, e que sexan máis sustentables a nivel ambiental, paisaxístico e xeneren un beneficio xeral á poboación local. Publicarase anualmente unha Orde para a declaración de Proxectos empresariais singulares en concorrencia competitiva."

---

Emenda nº11, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 15

Débese suprimir o texto do punto 2.

---

Emenda nº12, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 15

Débese suprimir o segundo parágrafo do punto 3.

---

Emenda nº13, ao apartado 3, de Adición. Artigo 15

Débese engadir ao remate do primeiro parágrafo do punto 3 a seguinte expresión:

"previa definición no correspondente Regulamento e a previa adxudicación a través dunha Orde específica e anual.

---

Emenda nº14, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 15

---

Emenda nº15, de Supresión. Artigo 16

Débese suprimir o artigo.

---

Emenda nº16, de Supresión. Artigo 19

Débese suprimir este artigo.

---

Emenda nº17, de Adición. Artigo 21

Débese engadir ao final do punto 1. o seguinte texto:  
"Sen perxuízo das obrigas urbanísticas que lle correspondan a ditas entidades, dacordo coa lexislación, e planeamento urbanístico."

---

Emenda nº18, de Adición. Artigo 27

Débese engadir ao final do artigo o seguinte texto:  
"A dita solicitude deberá adxuntar un documento ambiental no que se xustifique debidamente a opción elexida, debendo acreditarse que dita opción non supón menoscabo do cumprimento dos obxectivos da avaliación ambiental."

---

Emenda nº19, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 28

Débese substituír o texto do segundo parágrafo do punto 2 polo seguinte:

"O órgano competente para outorgar a autorización ambiental integrada, logo de recibir a documentación mencionada no parágrafo anterior, remitiraa ao organismo de bacía no prazo de dez días, para que, no prazo de vinte días desde a entrada da documentación no seu rexistro, emita informe sobre se esta debe completarse; no caso contrario, continuaranse as actuacións."

---

Emenda nº20, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 28

Débese substituír o texto do punto 3 polo seguinte:

"3. O órgano competente para outorgar a autorización ambiental integrada, logo de examinar o resto da documentación presentada pola persoa titular e recibido o informe previsto no punto anterior, no prazo de dez días requirirá a persoa promotora da instalación para que, de ser o caso, emende as deficiencias ou achegue a documentación preceptiva no prazo de vinte días, coa indicación de que, se así

non o fixer, se terá por desistida da súa solicitude, de conformidade co previsto na lexislación do procedemento administrativo común das administracións públicas. Este requirimento supoñerá a suspensión do prazo de tramitación."

---

Emenda nº21, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 29

Débase substituír ao remate do punto 1 a seguinte expresión: Onde di: "...non inferior a trinta días." debe dicir: "...non inferior a coarenta e cinco días."

---

Emenda nº22, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 29

Débase substituír ao inicio do punto 2 a seguinte expresión:

"Simultaneamente ao trámite..." por "Previamente ao trámite..."

---

Emenda nº23, ao apartado 2.2, de Adición. Artigo 29

Débase engadir no segundo parágrafo do punto 2 o seguinte texto:

Despois de: "...instalación e,..." engadir: "no seu caso, o da área metropolitana e o dos concellos limítrofes cando os efectos ambientais poidan afectarlles."

---

Emenda nº24, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 30

Débase substituír o texto do segundo parágrafo polo seguinte:

"De se formularen alegacións, darase traslado destas xunto coa proposta de resolución aos órganos informantes, para que no prazo máximo de trinta días manifesten o que consideren conveniente."

---

Emenda nº25, ao apartado 4, de Adición. Artigo 30

Débese engadir ao remate do punto 4 o seguinte texto:

"Tamén será denegatoria cando o informe municipal ao que se refire o apartado 2.c) deste artigo fose desfavorable por razóns de inadecuación ao planeamento urbanístico."

---

Emenda nº26, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 31

Débese suprimir o texto do punto 2.

---

Emenda nº27, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 33

Débese substituír o texto do punto 1 polo seguinte:

"1. O órgano competente para outorgar a autorización ambiental integrada remitirá copia do expediente de solicitude da autorización ambiental integrada ao órgano substantivo para que, no prazo mínimo de trinta días, realice o trámite de información pública e de consulta ás administracións públicas e ás persoas interesadas. Este trámite será único para os procedementos de avaliación de impacto ambiental e para o outorgamento de autorización ambiental integrada, así como para o procedemento de autorización substantiva, e terá unha duración non inferior a coarenta e cinco días."

---

Emenda nº28, de Substitución. Artigo 34

Débese substituír a seguinte expresión:

Onde di: "..., no prazo máximo de dez días,..." debe dicir: "..., no prazo máximo de trinta días,..."

---

Emenda nº29, ao apartado 1, de Adición. Artigo 35

Débese engadir ao remate do punto 1 o seguinte texto:

"ou ben emitir un informe denegatorio coa xustificación para tal denegación."

---

Emenda nº30, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 35

Débese suprimir a totalidade do punto 3.

---

Emenda nº31, de Supresión. CAPÍTULO IV

Débese suprimir o Capítulo IV

---

Emenda nº32, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 40

Débese suprimir no punto 1 a seguinte expresión:  
"...de contía significativa,"

---

Emenda nº33, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 40

Débese substituír o texto do segundo parágrafo do punto 1 polo seguinte:

"A través dunha norma regulamentaria estableceranse os requisitos das persoas beneficiarias e os sectores económicos e as liñas estratéxicas onde se aplicarán os criterios para a determinación da contía da subvención, o mecanismo de pagamento aprazado e os órganos competentes para a ordenación e resolución dela. Calqueira liña de incentivos irá asociada a Plans de desenvolvemento dos sectores que se determinen e incentivarán proxectos que se encadren nas liñas definidas nos Plans."

---

Emenda nº34, de Adición. Artigo 41

Débese engadir no primeiro parágrafo o seguinte texto:

"a través dos seus orzamentos e das iniciativas políticas pertinentes, incluída a negociación dun novo modelo de Financiamento Local co Estado, establecerá mecanismos de mellora do financiamento dos concellos galegos."

---

Emenda nº35, ao apartado 2, de Substitución. Disposición adicional primeira

Débese substituír a seguinte expresión:  
Onde di: "...silencio, positivo,..." debe dicir: "silencio, negativo"

---

Emenda nº36, ao apartado 1, de Adición. Disposición adicional segunda

Débese engadir a continuación de:  
", porase en marcha unha planta..." o seguinte texto:  
"e planificaránse en colaboración coa FEGAMP e os concellos as plantas de compostaxe previstas no Plan Galego de Residuos 2010-2020 para a súa implantación antes ou durante o exercicio 2020."

---

Emenda nº37, ao apartado 2, de Substitución. Disposición adicional segunda

Débese substituír a seguinte expresión:  
Onde dí: "2. A devandita planta..." debe dicir: "2. As devanditas plantas..."

---

Emenda nº38, ao apartado 3, de Substitución. Disposición adicional segunda

Débese substituír a seguinte expresión:  
Onde dí: "...na nova planta da fracción orgánica dos residuos urbanos recollida de forma separada efectuarase..."  
Debe dicir: "nas novas plantas de fracción orgánica dos residuos urbanos recollida de forma separada efectuarase"

---

Emenda nº39, ao apartado 4, de Adición. Disposición adicional segunda

Débese engadir ao remate do punto 4 a seguinte expresión:



"E en función dos estudos de custes que a SOGAMA realizará durante o primeiro ano de actividade das plantas."

---

Emenda nº40, de Adición. Disposición Adicional Cuarta

Débase engadir unha nova Disposición Adicional Cuarta co seguinte texto:

"Nun prazo de 6 meses a Xunta de Galiza presentará un Plan de Fomento das iniciativas empresariais nos sectores das renovables, agroindustria, I+D+I, transformación dos produtos do mar, industria auxiliar do motor, industria auxiliar naval e outros sectores que teñan como característica principal a sustentabilidade e a creación de emprego de calidade, que inclúa incentivos fiscais e extrafiscais."

---

Emenda nº41, de Adición. Disposición Adicional Terceira

Débase engadir unha nova Disposición Adicional Terceira co seguinte texto:

"Disposición Adicional Terceira. Moratoria para permisos de investigación e explotación para a redacción do Plan Sectorial de Actividades Extractivas de Galiza baixo os principios da sustentabilidade.

Establecerase unha moratoria na concesión de permisos de investigación e explotación mineiros ata a redacción e aprobación do Plan Sectorial de Actividades Extractivas de Galiza, despois dun amplo proceso de participación social, que non conte só co sector empresarial mineiro senón coas organizacións agrarias, ecoloxistas, concellos e Parlamento de Galicia."

---

Emenda nº42, de Supresión. Disposición transitoria terceira

Débase suprimir a totalidade da Disposición Transitoria Terceira.

---



Emenda nº43, ao apartado 1, de Supresión. Disposición transitoria quinta

Débese suprimir no punto 1 a seguinte expresión:  
", aínda que a persoa promotora opte por tramitar o expediente de acordo co procedemento establecido por esta lei."

---

Emenda nº44, de Supresión. Disposición derogatoria primeira

Débese suprimir a totalidade da Disposición Derrogatoria Primeira.

---

Emenda nº45, de Supresión. Disposición derradeira terceira

Débese suprimir ao remate do punto 2. a seguinte expresión:  
"agás no caso dos aproveitamentos madeireiros, que se rexerán polo establecido na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, ou norma que a substitúa."

---

Emenda nº46, ao apartado 35.1, de Substitución. Disposición derradeira quinta

Débese substituír o texto do punto 1 do artigo 35 polo seguinte:

"1. O outorgamento de dereitos mineiros sobre os terreos francos resultantes do levantamento dunha zona de reserva, un permiso de investigación ou unha concesión mineira resolverase polo correspondente concurso público regulado neste artigo e demais normativa aplicable."

---

Emenda nº47, ao apartado 36.1, de Supresión. Disposición derradeira quinta

Débese suprimir o texto do apartado 1 do artigo 36 no Punto Doce.

---

Emenda nº48, ao apartado 36.2, de Substitución. Disposición derradeira quinta

Débese substituír o texto do apartado 2.b) do artigo 36 no Punto Doce, polo seguinte:

"b) O impacto do proxecto da zona de implantación."

---

Emenda nº49, ao apartado Dez.e), de Supresión. Disposición derradeira quinta

Débese suprimir na alínea e) do punto 2 do artigo 28 a seguinte expresión:  
"de ser o caso."

---

Emenda nº50, ao apartado Nove.1, de Supresión. Disposición derradeira quinta

Débese suprimir no artigo 26 o texto do segundo parágrafo do punto 1 que dí así:

"A emisión do correspondente informe polo órgano sectorial competente substituirá, para todos os efectos, as correspondentes autorizacións que, consonte a lexislación sectorial aplicable, a persoa solicitante estea obrigada a solicitar deses órganos consultados no exercicio das súas competencias, debendo adecuarse o contido do informe a aquel previsto na normativa sectorial para a correspondente autorización."

---

Emenda nº51, ao apartado Once.3, de Substitución. Disposición derradeira quinta

Débese substituír o texto do punto 3 do artigo 32 polo seguinte:

3". A garantía fixa responderá do cumprimento das obrigas de financiamento e viabilidade dos traballos mineiros. O seu importe será do 15% do orzamento de financiamento, no caso

dunha autorización de aproveitamento ou dunha concesión de explotación, e dun 30 % para os permisos de exploración ou investigación."

---

Emenda nº52, ao apartado Sete.1, de Supresión. Disposición derradeira quinta

Débase suprimir no apartado Sete, artigo 23.1.f) a seguinte expresión:

"citándose o precepto que os esixa ou fundamentando, de ser o caso, a conveniencia de reclamalos. "

---

Emenda nº53, ao apartado Sete.2, de Supresión. Disposición derradeira quinta

Débase suprimir no apartado Sete, artigo 23.2., a seguinte expresión:

", segundo o establecido no artigo seguinte."

---

Emenda nº54, ao apartado Sete.3, de Supresión. Disposición derradeira quinta

Débase suprimir no artigo 23, segundo parágrafo do punto 3 a seguinte expresión:

"No caso de non terse recibido o informe transcorrido o prazo anterior, o órgano mineiro continuará coa tramitación do procedemento."

---

Emenda nº55, ao apartado Sete.3, de Substitución. Disposición derradeira quinta

Débase substituír no artigo 23., o texto do primeiro parágrafo do punto 3 polo seguinte:

"3. Os informes deberán emitirse no prazo de dous meses desde a recepción do expediente completo."

---

Emenda nº56, ao apartado Sete.4, de Substitución. Disposición derradeira quinta

Débese substituir no artigo 23, punto 4 a seguinte expresión:  
Onde di: "trinta días" debe dicir: "Sesenta días"

---

Emenda nº57, ao apartado Cinco, de Supresión. Disposición derradeira quinta

Débese suprimir no punto "Cinco" a totalidade do artigo 21 da Lei 3/2008, do 23 de maio.

---

Emenda nº58, ao apartado Un bis), de Adición. Un.bis) Artigo 12

Débese engadir un punto "Un.bis) co seguinte texto:

"Un bis) Modifícase o Artigo 12 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de Ordenación da Minería de Galiza que queda redactado como segue:

Artículo 12 Criterios orientadores

Los criterios que inspirarán el Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia serán los siguientes:

a) Os recursos xeolóxicos deben ser usados de forma eficiente para satisfacer as necesidades da poboación e non os intereses das empresas, sendo a prevención, o control da demanda e o principio de precaución, prioritarios sobre a produción.

b) A participación da sociedade na elaboración, deseño e execución da política mineira debe garantirse plenamente. Os recursos minerais son limitados e son patrimonio natural dos galegos e galegas, e calqueira decisión estratéxica sobre eles debe de ser posterior a un profundo exercicio de participación democrática, nomeadamente das comunidades locais.

c) Debe establecer zonas de exclusión para as actividades mineiras declarándoas como áreas "non rexistrábeis"

d) En calqueira caso, a extracción de minerais debe ser compatible co respecto escrupuloso ao Medio Ambiente, e ao



noso patrimonio cultural e etnográfico, e cos usos actuais do solo que se dan actualmente na economía local.

e) Prohibir a extracción de minerais metálicos e outros elementos tecnolóxicos polo sistema de ceo aberto. O uso do cianuro debe prohibirse en todo caso, así coma o emprego de substancias perigosas ou metodoloxías que poidan poñer en risco a saúde ambiental e cidadá se non existen alternativas. A este respecto, as técnicas de “fracking” non deben estar permitidas en todo o territorio galego, incluída a plataforma continental.

f) La racionalización del empleo de recursos naturales.

g) La promoción de la investigación, el desarrollo y la innovación en las propiedades y aplicaciones de los materiales, así como en los procesos de producción, tratamiento y aprovechamiento de subproductos.

h) La búsqueda de una mayor vinculación de la minería con la mejora de la economía de las zonas en que se sitúen las explotaciones y el fomento de la creación de empleo.

i) Todos os xacementos de minerais tecnolóxicos existentes no subsolo de Galiza, incluída a plataforma continental, deben considerarse estratéxicos para o país. Portanto, a Xunta debería declarar ou instar á declarar estes xacementos como zonas de reserva , impedindo o seu aproveitamento especulativo por empresas privadas incorporando sempre que en caso excepcional se opte pola extracción porque beneficie o interés xeral, a participación pública.

j) Apolo á implantación de industrias que permitan o peche de todos os ciclos de transformación para a produción existente.

k) O obxectivo prioritario é a contención da expansión en ocupación de superficie,e o aumento do valor engadido dos sectores existentes na actualidade.

l) El carácter temporal de la explotación minera respecto a la ordenación del territorio y los usos del suelo.

m) La identificación de zonas con potencial minero.

n) La mejora de la seguridad de las explotaciones mineras y de sus establecimientos de beneficio."

---

Emenda nº59, ao apartado 27, de Supresión. Disposición derradeira sexta



Débese suprimir o artigo 27 do Título IV.

---

Emenda nº60, ao apartado 30.1.b), de Supresión. Disposición derradeira sexta

Débese suprimir no Título IV, artigo 30, punto 1.b) o seguinte texto:

- "- Ter exercido a actividade de produción de enerxía eléctrica durante, polo menos, os últimos tres anos.
  - Contar entre os seus accionistas cunha persoa socia que participe no capital social cunha porcentaxe igual ou superior ao 25 % e que poida acreditar a súa experiencia durante os últimos tres anos na actividade de produción de enerxía eléctrica.
  - Subscribir un contrato de asistencia técnica por un período de tres anos cunha empresa que acredite experiencia na actividade de produción de enerxía eléctrica e que cumpra, á súa vez, con algún dos requisitos que se describen nos parágrafos anteriores."
- 

Emenda nº61, ao apartado 31.1, de Supresión. Disposición derradeira sexta

Débese suprimir no Título IV, artigo 31, punto 1. o seguinte texto:

"salvo que existe un acordo entre os titulares dos parques eólicos afectados."

---

Emenda nº62, ao apartado 32, de Supresión. Disposición derradeira sexta

Débese suprimir no Título IV, artigo 32, o seguinte texto:

"Exceptúanse do anterior as modificacións de parques eólicos en explotación cando dita modificación supoña unha redución de, polo menos, o cincuenta por cento dos aeroxeradores previamente instalados en dita zona de Rede Natura."

---

Emenda nº63, ao apartado 33.5, de Modificación. Disposición derradeira sexta

Débese substituír no Título IV, punto 5 do artigo 33, o seguinte texto:

Onde di: "vinte días" debe dicir: "sesenta días"

---

Emenda nº64, ao apartado 33.7, de Modificación. Disposición derradeira sexta

Débese substituír no Título IV do artigo 33, no punto 7 a seguinte expresión:

Onde di: "trinta días" debe dicir: "sesenta días"

---

Emenda nº65, ao apartado 33.8, de Supresión. Disposición derradeira sexta

Débese suprimir no Título IV o apartado 8 do artigo 33

---

Emenda nº66, ao apartado 33.12, de Substitución. Disposición derradeira sexta

Débese substituír no Título IV, artigo 33, punto 12 a seguinte expresión:

Onde di: "Transcorridos trinta días..." debe dicir: "Transcorridos sesenta días"

---

Emenda nº67, ao apartado 33.12, de Modificación. Disposición derradeira sexta

Débese substituír no Título IV, artigo 33, punto 12 a seguinte expresión:

Onde di: "...entenderanse favorables,..." debe dicir:  
"entenderanse desfavorables"

---

Emenda nº68, ao apartado 37, de Supresión. Disposición  
derradeira sexta

Débase suprimir no Título IV o artigo 37.

---

Emenda nº69, ao apartado 40.2, de Supresión. Disposición  
derradeira sexta

Débase suprimir no Título IV o texto do punto 2 do artigo 40

---

Emenda nº70, ao apartado 44.1, de Supresión. Disposición  
derradeira sexta

Débase suprimir no Título VI o seguinte texto do punto 1 do  
artigo 44:

"dirección xeral competente en materia de enerxía, sen  
prexuízo da competencia do Consello da Xunta de Galicia en  
caso de oposición de organismos ou outras entidades de  
dereito público."

---

Emenda nº71, ao apartado 44.2, de Supresión. Disposición  
derradeira sexta

Débase suprimir no Título VI o texto do punto 2 do artigo 44.

---

Emenda nº72, ao apartado 44.3, de Supresión. Disposición  
derradeira sexta

Débase suprimir no Título VI o texto do punto 3 do artigo 44.

---



Emenda nº73, ao apartado 44.5, de Supresión. Disposición derradeira sexta

Débase suprimir no Título VI o texto do punto 5 do artigo 44.

---

Emenda nº74, ao apartado 45.3, de Substitución. Disposición derradeira sexta

Débase substituir no Título VI o texto do punto 3 do artigo 45. Onde di: "quince días" debe dicir: "trinta días"

---

Emenda nº75, ao apartado 45.5, de Supresión. Disposición derradeira sexta

Débase suprimir no Título VI o texto do punto 5 do artigo 45.

---

Emenda nº76, ao apartado Un.1. c), de Substitución. Disposición derradeira sexta

Débase substituir no apartado UN. o texto da alínea c) do artigo 1 polo seguinte:

"c) O establecemento dun procedemento para a autorización administrativa das instalacións de parques eólicos, baseado nos principios de cautela, transparencia, simplicidade e publicidade, que garanta o pleno respecto á seguridade xurídica."

---

Emenda nº77, ao apartado Dez, de Supresión. Disposición derradeira sexta

Débase suprimir no Título VI (Dez) o texto da Disposición adicional terceira

---

Emenda nº78, ao apartado Doce, de Supresión. Disposición derradeira sexta



Débase suprimir a totalidade da Disposición transitoria sexta.

---

Emenda nº79, ao apartado Nove, de Supresión. Disposición derradeira sexta

Débase suprimir no Título VI (Nove) o texto da Disposición adicional primeira

---

Emenda nº80, ao apartado Once.1, de Substitución. Disposición derradeira sexta

Débase substituír o punto 1 da Disposición transitoria segunda, polo seguinte texto:

"1. En tanto non se modifique o Plan Sectorial Eólico de Galiza considéranse Áreas de Desenvolvemento as actuais agás as propostas de exclusión ambientais e paisaxísticas incorporadas na Disposición Adicional Cuarta desta Lei."

---

Emenda nº81, ao apartado Once.2, de Supresión. Disposición derradeira sexta

Débase suprimir no punto 2 da Disposición transitoria segunda, o seguinte texto:

"..., salvo proxectos de modificación de parques eólicos nos termos indicados no artigo 32 desta Lei."

---

Emenda nº82, ao apartado Seis, de Supresión. Disposición derradeira sexta

Débase suprimir o apartado Seis.

---

Emenda nº83, ao apartado Tres.3.2.c), de Supresión. Disposición derradeira sexta

Débase suprimir na alínea c) no punto 2 do artigo 3, a seguintes expresión:

"asociadas a unha instalación de potencia eléctrica contratada superior á potencia eólica que se pretende instalar."

---

Emenda nº84, ao apartado Tres bis).5, de Adición. Disposición derradeira sexta

Débase engadir un novo apartado "Tres.bis) polo que se modifica o artigo 5 da Lei 8/2009, co seguinte texto:

#### Artículo 5 Criterios de planificación

1. A planificación do aproveitamento da enerxía eólica en Galiza realizarase atendendo aos seguintes criterios:

- a) Estimación do potencial eólico do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia sobre a base dos estudos xa realizados, o Atlas eólico realizado polo IDAE, Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, e os datos obtidos pola Administración autonómica a través do Instituto Enerxético de Galicia, Inega.
- b) Infraestrutura eléctrica necesaria para absorber a enerxía producida, planificada de xeito que incida favorablemente na estrutura de distribución eléctrica das áreas afectadas pola explotación dos recursos eólicos.
- c) Integración con todos os ámbitos sectoriais afectados pola implantación de parques eólicos, con especial referencia á inserción no territorio das instalacións eólicas.
- d) Impacto medioambiental
- e) Repercusión sobre o tecido industrial de Galiza e o desenvolvemento socioeconómico e tecnolóxico.
- f) Desenvolvemento harmónico dos proxectos de implantación de parques eólicos que permita una implantación das infraestruturas eléctricas e industriais.
- g) Ampliación da superficie declarada actualmente como Rede Natura.
- h) Zonas de exclusión paisaxísticas determinadas nas Directrices da Paisaxe e os Catálogos da Paisaxe.
- i) Instrumentos de planificación e desenvolvemento económico e urbanístico locais e comarcais.

2. O resultado desta planificación plasmarase no Plan sectorial eólico de Galiza.

Modifícase o punto 2 do Artigo 6 da Lei 8/2009 de 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico e se crea o Canon Eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, que queda como segue:

2. O Plan sectorial eólico elaborárase de acordo aos seguintes criterios:



- a) Abrirase un procedemento de participación social para a elaboración do Plan. Durante un período non inferior a 6 meses, a Xunta de Galiza establecerá formas de consulta aberta con asociacións e colectivos ecoloxistas, culturais, sociais, propietarios de montes, concellos, etc para obter propostas conducentes á elaboración dun borrador de Plan.
- b) Unha vez elaborado dito borrador, abrirase un novo prazo non inferior a 6 meses para que todos os colectivos consultados e a cidadanía en xeral poida presentar alegacións.
- c) O Plan Sectorial Eólico de Galiza fundamentarase nos seguintes principios e obxectivos:
- i. Conseguir un modelo respectuoso coa conservación dos valores ambientais, paisaxísticos e patrimoniais e que procure o máximo retorno social da explotación dos recursos, dando prioridade a proxectos de explotación públicos e cooperativas.
  - ii. Fomentar a xeración distribuída e o autoconsumo evitando os grandes parques en lugares que supoñen graves impactos ambientais e paisaxísticos, ou a concentración de múltiples pequenos parques na mesma
  - iii. Nos novos proxectos de iniciativa privada e non dedicados ao autoconsumo, dar prioridade a aqueles que contemplan e faciliten a participación pública do INEGA no capital dos novos parques
  - iv. Establecer novas medidas fiscais e extrafiscais que faciliten o retorno social de parte dos beneficios producidos pola actividade modificando o Canon Eólico e o Fondo de Compensación Ambiental
- d) Mentres non se aprobe o Plan Sectorial Eólico de Galiza estableceranse nun prazo de 2 meses:
- i. Zonas de exclusión ambiental naqueles lugares con probabilidade de formar parte da proposta de ampliación da Rede Natura necesaria para achegar a porcentaxe de superficie con esta cualificación ás medias europeas. A responsable da proposta destas zonas de exclusión de parques eólicos será a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e será aprobada no Parlamento de Galiza.
  - ii. Zonas de exclusión paisaxística. En previsión da aprobación das Directrices da Paisaxe, a Dirección Xeral de Sostenibilidade e Paisaxe fará unha proposta de zonas de exclusión por motivos paisaxísticos, nun prazo de 2 meses que deberá de ser aprobada no Parlamento de Galiza."
-



Emenda nº85, ao apartado Cinco, de Supresión. Disposición derradeira sexta

Débase suprimir o apartado Cinco.

---

Emenda nº86, de Adición. Disposición Adicional Quinta

Débase enadir unha nova Disposición Adicional Quinta co seguinte texto:

"Disposición Adicional Quinta.Plan Sectorial de Actividades Extractivas de Galiza.

Establecerase unha moratoria na concesión de permisos de investigación e explotación mineiros ata a redacción e aprobación do Plan Sectorial de Actividades Extractivas de Galiza, despois dun amplo proceso de participación social, que non conte só co sector empresarial mineiro senón coas organizacións agrarias, ecoloxistas, concellos e Parlamento de Galicia."

---

Emenda nº87, de Adición. Disposición Adicional Cuarta

Débase engadir unha Disposición Adicional Cuarta co seguinte texto:

"Disposición Adicional Cuarta, sobre a elaboración dun novo Plan Sectorial Eólico de Galiza baixo os principios da sustentabilidade e dun modelo social de explotación dos recursos naturais.

1) Nun prazo de 12 meses a Xunta de Galiza elaborará a través dun procedemento amplo de participación social un novo Plan Sectorial Eólico de Galiza.

2) Naméntas non se aprobe o Plan Sectorial Eólico de Galiza estableceranse nun prazo de 2 meses:

a) Zonas de exclusión ambientais en zonas con probabilidade de formar parte da proposta de ampliación da Rede Natura, que serán cando menos a franxa paralela de dous kilómetros á liña que delimita a superficie de Rede Natura 2000 .A responsable da proposta destas zonas de exclusión de parques eólicos será a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e será aprobada no Parlamento de Galiza.



3)A Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe fará unha proposta de zonas de exclusión por motivos paisaxísticos, nun prazo de 2 meses que deberá de ser aprobada no Parlamento de Galiza."

---

Emenda nº88, de Supresión. Disposición derradeira sétima

Débese suprimir esta Disposición derradeira sétima.

---

Emenda nº89, ao apartado 92, de Supresión. Disposición derradeira novena

Débese suprimir o apartado Catro, polo que se modifica o artigo 92 da Disposición Derradeira Novena.

---

Emenda nº90, ao apartado Un.81, de Supresión. Disposición derradeira novena

Débese suprimir o apartado Un da Disposición Derradeira Novena

---

Emenda nº91, ao apartado Dez, de Adición. Disposición derradeira novena

Débese engadir ao remate do texto da Disposición Adicional Sexta, o seguinte:

"A Xunta de Galicia comprométese, asimesmo, a incrementar os recursos económicos e de persoal precisos."

---

Emenda nº92, ao apartado Dous.83.2, de Supresión. Disposición derradeira novena

Débese suprimir o apartado Dous da Disposición Derradeira Novena.

---

Emenda nº93, ao apartado Nove.128.2.ñ), de Supresión.  
Disposición derradeira novena

Débese suprimir o Apartado Nove que modifica o punto 2.ñ) do  
artigo 128da Disposición Derradeira Novena.

---

Emenda nº94, ao apartado Oito.104.3, de Supresión.  
Disposición derradeira novena

Débese suprimir o Apartado Oito, que modifica o punto 3 do  
artigo 104 da Disposición Derradeira Novena.

---

Emenda nº95, ao apartado Seis.94, de Supresión. Disposición  
derradeira novena

Débese suprimir o apartado Seis, polo que se modifica o  
artigo 94 da Disposición Derradeira Novena.

---

Emenda nº96, ao apartado Sete.95, de Supresión. Disposición  
derradeira novena

Débese suprimir o apartado Sete, polo que se modifica o artigo  
95 da Disposición Derradeira Novena.

---

Emenda nº97, ao apartado Cinco.92 bis), de Supresión.  
Disposición derradeira novena

Débese suprimir o apartado Cinco, polo que se engade o  
artigo 92 bis) da Disposición Derradeira Novena.

---

Emenda nº98, de Supresión. Disposición derradeira décima

Débese suprimir a totalidade da Disposición derradeira décima.

---

Emenda nº99, de Supresión. Disposición derradeira décimo primeira

Débese suprimir esta Disposición Derradeira Décimo primeira.

---

Emenda nº100, ao apartado Un.2, de Substitución. Disposición derradeira décimo segunda

Débese substituír o texto do apartado Un. punto 2. da Disposición Derradeira Décimo segunda, polo seguinte:

"2. Estas autorizacións teñen carácter independente de calquera outra autorización, licenza ou trámite previo á execución das intervencións."

---

Emenda nº101, ao apartado Dous.a), de Substitución. Disposición derradeira décimo segunda

Débese substituír o texto do apartado Dous. alínea a) do punto 2. da Disposición Derradeira Décimo segunda, polo seguinte:

"a) A corta xeneralizada de arboredo frondoso autóctono. O órgano competente en materia forestal, ademais, poderá autorizar a corta illada de frondosas autóctonas coa obriga, de ser o caso, de compensar a corta coa replantación inmediata de exemplares similares."

---

Emenda nº102, ao apartado Tres, de Adición. Disposición derradeira décimo segunda

Débese engadir no Apartado Tres, ao remate do texto da Disposición adicional décimo terceira, o seguinte:

"Incorporarase nos Orzamentos de 2018 a previsión da convocatoria de oposicións para arqueólogos, e a incorporación do persoal preciso á Dirección Xeral de Patrimonio, así como os recursos materiais necesarios para



axilizar as autorizacións, e para garantir unha óptima protección do Patrimonio."

---

Emenda nº103, ao apartado I.2, de Substitución. Exposición de motivos

Débase substituír o texto do segundo parágrafo polo seguinte:

"Compre xenerar as condicións para desenvolver os sectores económicos endóxeos con maior potencial para crear riqueza e emprego, e que beneficien á maioría social. Ese desenvolvemento debe de ser en base a un modelo diversificado, respetuoso cos valores ambientais, paisaxísticos e patrimoniais do noso país."

---

Emenda nº104, ao apartado I.3, de Supresión. Exposición de motivos

Débase suprimir o texto do terceiro parágrafo "Fundada nestas bases..." até o final do mesmo.

---

Emenda nº105, ao apartado I.4, de Supresión. Exposición de motivos

Débase suprimir o texto do cuarto parágrafo "- A necesidade da inicitiva lexislativa vén..." até o final do mesmo.

---

Emenda nº106, ao apartado I.5, de Supresión. Exposición de motivos

Débase suprimir o texto do quinto parágrafo "- Cúmprese tamén o principio..." até o final do mesmo.

---

Emenda nº107, ao apartado I.6, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir o texto do sexto parágrafo  
"- Respéctase o principio de..." até o final do mesmo.

---

Emenda nº108, ao apartado I.7, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir o texto do sétimo parágrafo  
"- Préstase especial atención..." até o final do mesmo.

---

Emenda nº109, ao apartado I.8, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir o texto do octavo parágrafo  
"- En canto ao principio..." até o final do mesmo.

---

Emenda nº110, ao apartado I.9, de Substitución. Exposición de motivos

Débese substituír o texto do noveno parágrafo polo seguinte:

"- A ineficacia da Xunta de Galicia na xestión da Administración e o seu continuado recorte de recursos fai que sexan necesarias medidas que eviten retrasos excesivos nos procedementos pero que non reduzan senón que incrementen as garantías de participación pública, transparencia, ambientais e paisaxísticas.

Éso conseguírase con máis recursos á económicos, humanos, e cunha mellor organización e racionalización dos recursos."

---

Emenda nº111, ao apartado I.13, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir no décimo terceiro parágrafo o seguinte texto:

"...e á simplificación dos procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica tramitados pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia."

---



Emenda nº112, ao apartado I.15, de Substitución. Exposición de motivos

Débese substituír no parágrafo décimo quinto a seguinte expresión:

Onde di: "dúas" debe dicir: "catro"

---

Emenda nº113, ao apartado II, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir no parágrafo segundo o seguinte texto:

"Entre as novidades que se incorporan, destaca como medida de simplificación e axilización procedimental que vai incidir positivamente na implantación de iniciativas empresariais a redución dos prazos de tramitación dos proxectos sectoriais incluídos no Plan Sectorial de Áreas Empresariais de Galicia e nas súas modificacións, naqueles supostos nos que concorran razóns de urxencia apreciadas polo Consello da Xunta de Galicia."

---

Emenda nº114, ao apartado IV.1, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir no parágrafo primeiro o seguinte texto:

"O obxectivo deste é favorecer a realización en Galicia de proxectos de investimento, de contía significativa, que supoñan a creación de novos proxectos empresariais, así como a ampliación ou modernización das actividades económicas xa desenvolvidas na nosa comunidade."

---

Emenda nº115, ao apartado IV.2, de Adición. Exposición de motivos

Débese engadir no parágrafo segundo a seguinte expresión:

Despois de "...dunha subvención..." engadir:

"definida regulamentariamente e concedida por concorrencia competitiva mediante Orde"

---

Emenda nº116, ao apartado VI.2, de Substitución. Exposición de motivos

Débase substituír no parágrafo segundo o seguinte texto:  
Onde di: "Para o desenvolvemento desta ... integración ambiental, social e territorial."

Debe dicir:

"As modificacións estarán destinadas a racionalizar a explotación de recursos naturais non renovables, nunha actividade que xera importante impactos ambientais e paisaxísticos, e a garantir por tanto a conservación destes valores.

Apostarase pola planificación, control e a mellora dos procesos e incremento do valor engadido das producións existentes incorporando á planificación o principio de cautela."

---

Emenda nº117, ao apartado VI.3, de Supresión. Exposición de motivos

Débase suprimir no parágrafo terceiro a seguinte expresión:

"e garántese a compatibilización da actividade coa protección do dominio público e co desenvolvemento doutras actividades."

---

Emenda nº118, ao apartado VI.4, de Supresión. Exposición de motivos

Débase suprimir o texto do parágrafo cuarto:  
"Establécese un procedemento..." ata o final.

---

Emenda nº119, ao apartado VI.5, de Supresión. Exposición de motivos

Débase suprimir o texto do parágrafo quinto:  
"Para os efectos de garantir..." ata o final.

---

Emenda nº120, ao apartado VI.6, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir o texto do parágrafo sexto:  
"Nesta mesma liña de integración..." ata o final.

---

Emenda nº121, ao apartado VI.10, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir o texto do décimo parágrafo  
"Finalmente, simplifícase a convocatoria..." até o final do mesmo.

---

Emenda nº122, ao apartado III, de Substitución. Exposición de motivos

Débese substituir no parágrafo octavo a seguinte expresión:  
Onde di: "...dunha planta..." debe dicir:  
"das plantas comprometidas no Plan de Resíduos Urbanos de Galiza 2010-2020"

---

Emenda nº123, ao apartado VII.2, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir o texto do segundo parágrafo  
"A vixente Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes,..." até o final do mesmo.

---

**Asinado dixitalmente por:**



**Antón Sánchez García na data 27/09/2017 17:26:14**

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE  
NACIONALISTA GALEGO AO PROPOSICIÓN DE LEI DE FOMENTO DA  
IMPLANTACIÓN DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS EN GALICIA (NUM.  
EXPE. 10/PPL-000009).**

Emenda nº1, ao apartado a), de Supresión. Artigo 3

Emenda de supresión, artigo 3 punto a)

Suprimir “nos Tratados da Unión Europea”.

---

Emenda nº2, ao apartado b), de Adición. Artigo 3

Emenda de adición, artigo 3 punto b)

Despois de “empresariais.”, engadir: “que impulsen os nosos sectores produtivos, favorezan a xeración de valor engadido e o peche dos ciclos produtivos así como a consolidación de emprego de calidade”.

---

Emenda nº3, ao apartado g), de Adición. Artigo 3

Emenda de adición, Artigo 3 apartado g)

Engadir un novo punto:

"g) Respecto polo medio ambiente, aposta polo desenvolvemento sostíbel para as xeracións presentes e futuras, buscando un equilibrio entre defensa do medio e desenvolvemento e modernización e salvagardando a custodia do patrimonio natural e cultural."

---

Emenda nº4, de Adición. Artigo 3 bis)

Emenda de adición. Novo artigo 3 bis.



Engadir un novo artigo 3 bis co seguinte texto:

"Artigo 3 bis. Criterios de aplicación

As accións de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galiza focalizaranse preferentemente en proxectos de investimento que cumpran cando menos tres das seguintes características:

Impulso dun desenvolvemento endóxico e autocentrado de Galiza.

Aposta polo reequilibrio territorial na distribución dos recursos, o desenvolvemento sostíbel e a economía circular.

Realización dun considerábel esforzo en I+D+i, para o que o organismo competente en materia de innovación establecerá unhas marxes mínimas para o investimento, a determinar en función do seu tamaño.

Fomento do emprego estábel.

Contribución á cohesión territorial galega.

Fomento da propiedade cooperativa e popular.

Asunción do principio de transparencia informativa."

---

Emenda nº5, de Adición. Artigo 6 bis.

Emenda de adición, artigo 6 bis.

Engadir un novo artigo 6 bis co seguinte texto:

"Artigo 6 bis. A consellaría competente en materia de protección ambiental.

Correspóndelle á consellaría competente en materia de protección ambiental propoñer, en diálogo co sector e axentes sociais, os criterios e medidas que permitan avanzar na aposta por un modelo económico que teña en conta os límites do sistema ecolóxico, avanzar na adaptación do modelo económico a un futuro sen enerxías fósiles e favorecer, en colaboración coas outras consellarías competentes, a adopción do modelo de fiscalidade ecolóxica."

---

Emenda nº6, ao apartado a), de Substitución. Artigo 7

Emenda de substitución, Artigo 7 punto a).

Substitución de: "por medio dunha xestión intelixente" por:



"No prazo máximo de seis meses após a aprobación desta lei, consensuarase cos concellos galegos e a Fegamp un protocolo de xestión e e control baseados nos principios de transparencia e respecto á autonomía municipal para dar cumprimento ao recollido neste e nos sucesivos puntos que competen ás entidades locais."

---

Emenda nº7, de Supresión. Artigo 8

Emenda de supresión, artigo 8.

Suprimir o artigo 8.

---

Emenda nº8, de Modificación. Artigo 13

Emenda de modificación, artigo 13.

Substitúese: "que non dispoñan dos medios necesarios para o desenvolvemento de áreas empresariais de iniciativa municipal" por: "con base a criterios obxectivos".

---

Emenda nº9, ao apartado 1, de Adición. Artigo 14

Emenda de adición, artigo 14.1.

Engadir ao final do apartado 1 do artigo 14: "condicionada polos criterios de desenvolvemento de valor engadido, fomento da calidade do emprego xerado e melloras na redución da pegada ecolóxica do proxecto."

---

Emenda nº10, de Supresión. Artigo 15

Emenda de supresión, artigo 15.

Suprimir o artigo 15.

---

Emenda nº11, de Supresión. Artigo 16

Emenda de supresión, artigo 16.

Suprimir o artigo 16. Proxectos industriais estratéxicos.

---

Emenda nº12, de Supresión. Artigo 18

Emenda supresión, artigo 18.

Suprimir o artigo 18.

---

Emenda nº13, de Adición. 26 bis.

Emenda de adición dun novo artigo 26 bis.

Adición dun novo artigo 26 bis, co seguinte contido:

"Artigo 26 bis. Creación da xanela única administrativa

1. Créase a xanela única administrativa para racionalizar e simplificar a realización dos trámites relativos á implantación de iniciativas empresariais no noso país.

2. A xanela única administrativa coordinará con todas as administracións e organismos implicados a xestión dos trámites necesarios para a implantación da iniciativa empresarial, prestando servizos integrados de tramitación e asesoramento empresarial.

3. Correspóndelle á consellaría competente en orzamentos e facenda elaborar, nos seis meses posteriores á entrada en vigor da lei, unha planificación bianual de postos de emprego a crear para dar cobertura ás necesidades de axilización e coordinación administrativa contemplada nesta lei."

---

Emenda nº14, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 29

Emenda de modificación, artigo 29.1.

Modificar "trinta días" por "sesenta días".

---

Emenda nº15, de Adición. Artigo 34

Emenda de adición, artigo 34.

Engadir ao final do punto o seguinte texto: “En caso de resultar negativa a formulación de declaración ambiental, o procedemento ficará paralizado.”

---

Emenda nº16, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 35

Emenda de modificación, apartado 2 do artigo 35.

Débase modificar “dous meses” por “seis meses”.

---

Emenda nº17, de Adición. Artigo 36

Emenda de adición, artigo 36.

Engadir ao final: “Esta información será feita pública a través do Sistema de Información Ambiental de Galiza”.

---

Emenda nº18, ao apartado 10, de Supresión. Artigo 37

Emenda de supresión, apartado 10 do artigo 37.

Suprimir “Se non se recibise o informe (...)” até “(...) Administracións públicas.”

---

Emenda nº19, de Substitución. Artigo 40

Emenda de substitución, artigo 40.

Substitución de todo o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 40. Estratexia galega de participación pública e impulso ao investimento

1. A Comunidade Autónoma de Galiza aprobará no Parlamento Galego unha estratexia de fomento da participación pública para o impulso dos sectores estratéxicos mediante coa finalidade de apoiar un desenvolvemento autocentrado de



aproveitamento das potencialidades do país baixo criterios de sostibilidade e retorno social.

2. A través dunha nova lei desenvolveranse novas formas de participación pública e reformularanse os instrumentos de crédito da Comunidade Autónoma para dinamizar o crédito e axilizar o seu trasvase para o tecido empresarial e produtivo.

3. No período de posta en funcionamento do recollido nos puntos anteriores, establececerase un réxime de incentivos ao investimento con base a criterios de obxectividade e condicionados ao cumprimento de obxectivos en materia de calidade do emprego xerado, sostibilidade e xeración de valor engadido e compromiso do desenvolvemento das fases dos proxectos en territorio galego."

---

Emenda nº20, de Supresión. Artigo 41

Emenda de supresión, artigo 41.

Suprimir desde "A Xunta..." até "empresariais".

---

Emenda nº21, de Adición. Disposición adicional terceira

Emenda de adición, Disposición adicional terceira.

Engadir una nova Disposición adicional terceira:

"Disposición adicional terceira. O programa específico de promoción da reciclaxe enmárcase na Estratexia Galega de Redución da incineración e fomento da compostaxe:

1. Desbotaranse novos proxectos de incineración de cara a reducir ao mínimo a incineración dos residuos. A consellaría competente en xestión de residuos elaborará, en colaboración cos concellos galegos e coas entidades sociais, un Plan de Redución da Incineración con impulsos económicos á súa superación e a aplicación dun réxime sancionador. Así mesmo, fomentarse a realización da compostaxe, favorecendo a compostaxe in situ a complementar con centros localizados para as áreas nas que sexa preciso.

2. Desenvolveranse plans específicos para a xestión de residuos industriais e serán impulsadas medidas para mellorar a selección en orixe así como programas para o aproveitamento dos refugallos industriais."

---

Emenda nº22, de Supresión. Disposición derradeira segunda

Emenda de supresión Disposición derradeira segunda.

Suprimir a Disposición derradeira segunda.

---

Emenda nº23, de Supresión. Disposición derradeira terceira

Emenda de supresión, Disposición derradeira terceira.

Suprimir a Disposición derradeira terceira.

---

Emenda nº24, de Supresión. Disposición derradeira quinta

Emenda de supresión, Disposición derradeira quinta.

Suprimir a Disposición derradeira quinta.

---

Emenda nº25, ao apartado Sete, de Adición. Disposición  
derradeira quinta

Emenda de adición. Disposición derradeira quinta.

Engadir no apartado Sete polo que se modifica o artigo 23 da  
Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de  
Galicia, unha nova letra g) ao punto 1 do artigo 23, coa  
seguinte redacción:

"g) o informe do órgano con competencias en materia de  
ordenación agraria."

---

Emenda nº26, ao apartado Un.c), de Modificación. Disposición  
derradeira sexta

Emenda de modificación, Disposición derradeira sexta.

Substituír no punto c) do apartado Un: “libre competencia”, por: “concorrenza competitiva”.

---

Emenda nº27, ao apartado Cinco, de Supresión. Disposición derradeira sexta

Emenda de Supresión, Disposición derradeira sexta.

Suprimir o apartado Cinco.

---

Emenda nº28, ao apartado Seis, de Adición. Disposición derradeira sexta

Emenda de adición. Disposición derradeira sexta.

No punto Seis da Disposición derradeira sexta engádesse un artigo, o 34 bis, coa seguinte redacción:

"Artigo 34 bis.-Criterios de valoración.

1. No suposto de selección en competencia, tal selección atenderá a criterios obxectivos, transparentes e non discriminatorios. Teranse en conta os seguintes:

a) Nivel tecnolóxico e eficiencia enerxética das instalacións que conforman os parques eólicos.

b) Menores afeccións ambientais.

c) Influencia no desenvolvemento da rede eléctrica de distribución ou transporte.

d) Compromiso firme e periodificado dun proxecto de desenvolvemento de natureza industrial na Comunidade Autónoma de Galicia.

e) Presentación de plan de restauración en fase de obra e desmantelamento.

f) Compromiso firme de repotenciación de parques eólicos xa existentes que supoña a redución do número de aerogeradores instalados neles.

g) Outros factores que, axustándose ao disposto pola lexislación do sector eléctrico, se establezan de maneira particular en cada orde.

2. A concreción e o valor de cada un destes criterios efectuarase nas ordes de convocatoria."

---

Emenda nº29, ao apartado Seis, de Supresión. Disposición derradeira sexta

Emenda de supresión. Disposición derradeira sexta.

Suprímese o artigo 32 que figura no apartado Seis da Disposición.

---

Emenda nº30, ao apartado Oito, de Supresión. Disposición derradeira sexta

Emenda de supresión. Disposición derradeira sexta.

Suprimir o apartado Oito da Disposición derradeira sexta.

---

Emenda nº31, ao apartado Nove, de Supresión. Disposición derradeira sexta

Emenda de supresión. Disposición derradeira sexta.

Suprimir o apartado Nove.

---

Emenda nº32, ao apartado Dez.2, de Supresión. Disposición derradeira sexta

Emenda de supresión. Disposición derradeira sexta.

Suprímese o punto 2 do apartado Dez da Disposición derradeira sexta.

---

Emenda nº33, ao apartado Catro, de Supresión. Disposición derradeira novena

Emenda de supresión. Disposición derradeira novena.

Suprimir o apartado Catro da Disposición derradeira novena.

---

Emenda nº34, ao apartado Cinco, de Supresión. Disposición derradeira novena

Emenda de supresión. Disposición derradeira novena.

Suprimir o punto Cinco.

---

Emenda nº35, ao apartado Sete, de Supresión. Disposición derradeira novena

Emenda de supresión. Disposición derradeira novena.

Suprimir o apartado Sete da Disposición derradeira novena.

---

Emenda nº36, ao apartado Oito, de Supresión. Disposición derradeira novena

Emenda de supresión. Disposición derradeira novena.

Suprimir o apartado Oito da Disposición derradeira novena.

---

Emenda nº37, ao apartado Nove, de Supresión. Disposición derradeira novena

Emenda de supresión. Disposición derradeira novena.

Suprimir o apartado Nove da Disposición derradeira novena.

---

Emenda nº38, ao apartado Dez, de Adición. Disposición derradeira novena

Emenda de adición. Disposición derradeira novena.

Engadir no apartado Dez o seguinte texto: "A axilización de trámites non suporá en ningún caso a redución ou detrimento





dos dereitos de información pública, transparencia e participación."

---

Emenda nº39, de Supresión. Disposición derradeira décimo segunda

Emenda de supresión, Disposición derradeira décimo segunda.

Suprimir os apartados Un e Dous da Disposición derradeira décimo segunda, polos que se modifican o punto 2 do artigo 39 e a alínea a) do punto 2 do artigo 78 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galiza.

---

Emenda nº40, ao apartado Tres, de Adición. Disposición derradeira décimo segunda

Emenda de adición, Disposición derradeira décimo segunda.

Engadir ao final do apartado Tres o seguinte texto:

"Habilitaranse os medios humanos e materiais precisos que permitan a actualización periódica destes datos. A información terá como obxecto a mellora da difusión do seu coñecemento e da planificación, sen substituír en ningún caso os informes e estudos pertinentes para a posta en marcha dos obxectivos de dita planificación."

---

Emenda nº41, de Adición. Disposición derradeira décimo terceira bis.

Emenda de adición. Disposición derradeira décimo terceira bis.

Engadir unha nova Disposición derradeira décimo terceira bis. co seguinte texto:

"Disposición derradeira décimo terceira bis. Modificación do Decreto lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial.



Un. Engádese un ordinal 3º á letra c) do apartado 1. Do artigo 79, coa seguinte redacción

3º Xustificación do cumprimento do artigo 3. bis da lei XX de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galiza.

Dous. Modifícase o apartado 7 do artigo 79, coa seguinte redacción:

7. Previo informe do CES, a persoa titular da consellería competente en materia de industria elevará o expediente ao Consello da Xunta, que decidirá se procede a declaración da proposta como proxecto industrial estratéxico.

Tres. Modifícase o apartado 1 do artigo 80 suprimindo os puntos b) e d)."

---

Emenda nº42, ao apartado 2, de Modificación. Disposición derradeira décimo cuarta

Emenda de modificación. Disposición derradeira décimo cuarta.

Modifícase o texto do apartado 2 da Disposición derradeira décimo cuarta, quedando do seguinte modo:

"2. No prazo máximo de seis meses dende a entrada en vigor desta lei aprobaranse as normas regulamentarias necesarias para levar a cabo as políticas económicas recollidas no Artigo 40. Estratexia galega de participación pública e impulso ao investimento."

---

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 27/09/2017 18:02:06**

**Ana Pontón Mondelo na data 27/09/2017 18:02:12**



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR  
DE GALICIA AO PROPOSICIÓN DE LEI DE FOMENTO DA IMPLANTACIÓN  
DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS EN GALICIA (NUM. EXPE. 10/PPL-  
000009).**

Emenda nº1, de Substitución. Artigo 10

Modifícase o artigo 10, que queda redactado do seguinte xeito:

Artigo 10. Execución dos proxectos sectoriais de áreas empresariais

1. A execución dos proxectos sectoriais para o desenvolvemento dunha área empresarial, cando non contemplan a división do ámbito en polígonos e o sistema de actuación previsto sexa o de expropiación, poderase desenvolver por fases de urbanización, que se executarán axustándose á demanda de solo empresarial existente.

2. A aprobación da delimitación das fases de urbanización corresponderá ao Instituto Galego da Vivenda e Solo, a petición da persoa promotora, e deberá contemplar a orde de execución das distintas fases en que se divida a actuación e garantir que, unha vez rematada a fase correspondente, todas as parcelas desta dispoñan dos servizos urbanísticos precisos para o pleno funcionamento do ámbito correspondente e na urbanización da fase deberá cumprirse a reserva mínima de prazas de aparcamento que lle corresponderían por aplicación dos estándares establecidos na lexislación urbanística en función da superficie de parcelas urbanizadas en dita fase.

3. A aprobación da delimitación terá os seguintes efectos:

a) Permitirá a aprobación do proxecto de parcelamento do ámbito correspondente á fase de urbanización a desenvolver, cando este non figurase incluído no proxecto de expropiación, e a súa inscrición no Rexistro da Propiedade. A afección das fincas resultantes do parcelamento como garantía da execución das obras de urbanización quedará unicamente limitada á execución das obras correspondentes á fase de urbanización na que estea emprazada a finca.

A aprobación do proxecto de parcelamento corresponderá ao Instituto Galego de Vivenda e Solo cando o promotor sexa a administración xeral da Comunidade Autónoma ou unha entidade pertencente ao sector público autonómico, con independencia de que actúe como promotor único ou conxuntamente con outros promotores públicos.

b) Permitirá a aprobación e execución de proxectos de urbanización independentes que contemplan a urbanización de cada unha das fases nas que se divida o ámbito.

c) Posibilitará a recepción das obras de urbanización da fase, unha vez executadas, polo concello respectivo e a súa afección ao uso público.

---

Emenda nº2, de Substitución. Artigo 11

Modifícase o artigo 11, que queda redactado como segue:

Artigo 11. Aprobación dos proxectos de urbanización en desenvolvemento de proxectos sectoriais de áreas empresariais e recepción das obras

1. Os proxectos de urbanización que desenvolvan as determinacións dos proxectos sectoriais destinados ao desenvolvemento dun área empresarial promovidos por un promotor público que non sexa unha administración local ou unha entidade dela dependente, serán aprobados por resolución da Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

2. Os proxectos de urbanización que desenvolvan as determinacións dos proxectos sectoriais destinados ao desenvolvemento dunha área empresarial cuxo promotor sexa distinto dos indicados no punto anterior serán aprobados polo concello correspondente, seguindo o procedemento establecido na lexislación urbanística de aplicación.

Neste caso, cando o proxecto sectorial afecte a máis dun concello, o proxecto de urbanización deberá ser aprobado por cada un dos concellos afectados, co obxecto de dispoñer dunha aprobación conxunta do mesmo.



Para estes efectos, os concellos poderán instrumentar os mecanismos de colaboración previstos na lexislación vixente, co fin de coordinar os criterios aos que deberá axustarse o proxecto de urbanización, unificar a tramitación dos expedientes de aprobación deste e determinar o procedemento para recibir as obras de urbanización, así como establecer as bases do procedemento a seguir na xestión das infraestruturas e servizos urbanísticos da área empresarial, o grao de participación de cada concello nos gastos e ingresos xerados por dita xestión e os que se podan xerar en función da concesión de títulos administrativos habilitantes de obra e actividade na área.

3. Unha vez rematadas as obras de urbanización conforme ao proxecto aprobado e, de ser o caso, ás modificacións autorizadas, as obras serán recibidas polo concello correspondente e destinadas ao uso público.

---

Emenda nº3, de Substitución. Artigo 19

Modifícase o artigo 19, que queda redactado como segue:

Artigo 19. Mantemento e conservación das áreas empresariais

1. O mantemento e conservación das infraestruturas, equipamentos e dotacións das áreas empresariais que deban ser entregadas á Administración Municipal para a súa incorporación ao dominio público corresponde a aquela desde a recepción expresa ou tácita das obras de urbanización.

No caso de que a Administración Municipal non resolva expresamente sobre a recepción das obras de urbanización no prazo de tres meses dende que se inste tal recepción acompañada de certificación expedida pola dirección técnica das obras, estas entenderanse recibidas.

Con anterioridade a dita recepción, a responsabilidade do mantemento e conservación recae na entidade promotora da actuación urbanizadora.

2. O mantemento e conservación das infraestruturas, equipamentos e dotacións de titularidade privada común corresponde aos propietarios das parcelas da área



empresarial, constituídos na correspondente comunidade de propietarios.

3. Malia o indicado no punto 1 deste artigo, os concellos que carezan de recursos para o mantemento da urbanización poderán solicitar, durante o procedemento de tramitación do correspondente proxecto sectorial, que se inclúa no mesmo a obriga de que os propietarios do solo urbanizado constitúan unha entidade de conservación que se fará cargo do mantemento e conservación da urbanización e asumirá os gastos correspondentes durante un período que non poderá ser superior a cinco anos dende a recepción das obras polo concello.

A solicitude deberá dirixirse ao IGVS, antes do remate do trámite de información pública do proxecto sectorial e acompañará a solicitude cunha certificación xustificativa da carencia de medios para asumir os gastos da urbanización que deberá vir asinada polo alcalde e polo funcionario que ostente as funcións de tesourería da administración municipal.

O IGVS resolverá sobre dita solicitude e, no caso de estimala xustificada, ordenará que se recolla no proxecto sectorial a obriga da constitución dunha Entidade Urbanística de conservación a quen corresponderán as obrigas de mantemento e conservación da urbanización do parque durante o período que se estableza, en función das previsións do concello, e que non poderá ser superior a catro anos.

4. Rematado o período de vixencia da Entidade Urbanística de Conservación establecido no proxecto sectorial, as obrigas de conservación e mantemento da urbanización pasarán a ser asumidas polo concello.

5. Con independencia do indicado no punto 3, os concellos, mediante acordo do pleno da Corporación logo de solicitude dos propietarios de, polo menos, o cincuenta por cento da superficie da área de solo, poden trasladar por un tempo determinado, non superior a cinco anos, aos propietarios, constituídos para o efecto en entidade urbanística de conservación, o deber de mantemento e conservación das infraestruturas, equipamentos e dotacións das áreas empresariais que se entregasen á Administración para a súa incorporación ao dominio público. O concello poderá prorrogar a duración desta obriga por períodos de dous anos a petición dos propietarios de, polo menos, o cincuenta por cento da superficie da área de solo.

---

Emenda nº4, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 30

Modifícase o segundo parágrafo do apartado 4, que queda redactado como segue:

A declaración de impacto ambiental terá a natureza de informe preceptivo e determinante, e determinará se procede ou non, para os efectos ambientais, a realización do proxecto e, de ser o caso, as medidas correctoras e as medidas compensatorias.

---

Emenda nº5, de Modificación. CAPÍTULO III

Modifícase a rúbrica deste Capítulo, que pasa a estar redactada do seguinte xeito:

CAPÍTULO III

Regulación das competencias do organismo autonómico de conca na tramitación e seguimento da autorización ambiental integrada

---

Emenda nº6, de Substitución. Artigo 35

No artigo 35, todas as alusións a "o órgano autonómico competente en materia de augas" deben ser substituídas por alusións a "o organismo de conca".

---

Emenda nº7, ao apartado 1.a), de Modificación. Artigo 38

Modifícase a aliña a) do apartado 1 do artigo 38, quedando redactada do seguinte xeito:

a) Solicitudes de autorización administrativa previa de novas instalacións de distribución ou conexión de xeradores á rede de distribución de enerxía eléctrica cunha tensión igual ou inferior a 30 kV.

---

Emenda nº8, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 40

Modifícase o apartado 2 do artigo 40, que queda redactado como segue:

2. O réxime de incentivos ao investimento previsto neste artigo configúrase mediante a concesión dunha subvención cuxa fase de pago poderá materializarse a medida que se afronte o aboamento pola persoa beneficiaria de figuras tributarias autonómicas ou ben tendo en conta as mesmas na configuración do incentivo.

---

Emenda nº9, de Modificación. Artigo 41

Modifícase a rúbrica deste artigo, que queda redactada do seguinte xeito:

Artigo 41. Medidas de promoción para facilitar a implantación de iniciativas empresariais

---

Emenda nº10, ao apartado 3, de Adición. Disposición adicional primeira

No punto 3 debe engadirse, despois de “a emisión dun informe en materia de seguridade industrial” o seguinte: “asinado por técnico competente”.

---

Emenda nº11, de Adición. Disposición derradeira cuarta

Introdúcese unha nova Disposición Derradeira Cuarta bis, co seguinte texto:

Disposición Derradeira Cuarta bis. Modificación da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega.



Modifícase o número 3 do artigo 23 da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, que queda redactado como segue:

“3. Empresas artesanais alimentarias son aquelas que realizan unha actividade artesanal alimentaria, a través de procesos de elaboración que dean lugar a un produto final individualizado, respectuoso co medio ambiente e con características diferenciais, nas que a intervención persoal do artesán constitúe un factor predominante.

As condicións técnicas específicas necesarias para a produción artesanal dos produtos alimentarios referidos nesta lei, así como as especialidades dos devanditos produtos en función do proceso de elaboración, determinaranse regulamentariamente.”

---

Emenda nº12, ao apartado Dous, de Supresión. Disposición derradeira quinta

Na nova redacción da alínea c) do punto 1 do artigo 18 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia debe eliminarse o seguinte inciso: "-Un informe de institucións financeiras."

---

Emenda nº13, ao apartado Once, de Modificación. Disposición derradeira quinta

Modifícase o punto Once, que queda redactado do seguinte xeito:

“Once. Modifícase o artigo 32 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, que queda redactado como segue:

#### Artigo 32. Garantías financeiras

1. A persoa titular dun dereito mineiro deberá constituír unha garantía financeira ou equivalente suficiente antes da perceptiva comunicación de comezo dos traballos, sendo responsable do seu mantemento nos termos sinalados neste artigo.

2. As formas de constitución de garantías financeiras ou equivalentes poderán ser, entre outras, fondos de provisión internos constituídos por depósito en entidades financeiras e garantías financeiras en custodia de un terceiro tales como bonos e avais emitidos por entidades bancarias así como contratos de seguros que cubran a responsabilidade civil da entidade explotadora derivada do incumprimento do disposto no plan de restauración autorizado.

3. A contía da garantía corresponderá á suma de dous conceptos, un responderá do cumprimento das obrigas de financiamento e viabilidade dos traballos mineiros e outro responderá do cumprimento do plan de restauración ambiental.

O respecto da garantía que responde do cumprimento das obrigas de financiamento e viabilidade dos traballos mineiros. O seu importe será do 4% do orzamento de inversión, en caso dunha autorización de aproveitamento ou dunha concesión de explotación. E dun 20% para os permisos de exploración ou investigación.

Esta garantía deberá ser revisada a petición do titular mineiro cando este xustifique a execución total ou parcial do proxecto de explotación aprobado.

4. O respecto da garantía que responderá do cumprimento do plan de restauración ambiental, determinándose a súa contía de acordo cos seguintes criterios:

- a) Custo real de todos os traballos de restauración conforme ó proxecto de restauración aprobado.
- b) Área afectada en cada ano de investigación ou de explotación.
- c) Calendario e programa de execución.
- d) Uso actual e previsto do solo.

A garantía se revisará anualmente tendo en conta os traballos de rehabilitación xa realizados e das superficies novas afectadas conforme o disposto no plan anual de labores.

5. A garantía financeira ou equivalente constituirase de forma que se asegure a existencia de fondos facilmente dispoñibles en calquera momento por parte da autoridade competente para a rehabilitación dos terreos afectados”.

6. Unha vez finalizada a execución do plan de restauración a entidade explotadora solicitará á autoridade competente, por

escrito, a liberación da garantía financeira correspondente. Está emitirá informe motivado no prazo de dous meses.

---

Emenda nº14, ao apartado Quince, de Adición. Disposición derradeira quinta

Debe engadirse un novo apartado Quince nesta Disposición Derradeira Quinta, co seguinte contido:

"Quince. Engádese unha nova Disposición Adicional Sexta á Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, co seguinte contido:

Disposición Adicional Sexta. Actuacións no caso de incautación da garantía financeira.

No caso de que o órgano competente en materia de minas ordene a incautación da garantía financeira ou equivalente para a rehabilitación do espazo natural afectado pola explotación, preparación, concentración e beneficio de recursos minerais, deberá tramitarse o procedemento, a definir regulamentariamente, para a execución da posta en seguridade e restauración do espazo natural."

---

Emenda nº15, ao apartado Dezaseis, de Adición. Disposición derradeira quinta

Debe engadirse un novo apartado Dezaseis nesta Disposición Derradeira Quinta, co seguinte contido:

"Dezaseis. Engádese unha nova Disposición Adicional Sétima á Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, co seguinte contido:

"Disposición Adicional Sétima. Actuacións no caso de renuncia voluntaria ou incumprimento dun dereito mineiro.

No caso de renuncia voluntaria do titular ou incumprimento por parte do titular da normativa mineira que motive a caducidade dun dereito mineiro das seccións C) e D), poderá caducarse o dereito sen a restauración do espazo natural afectado, cando así o considere o órgano mineiro tendo en conta as reservas



existentes e a importancia do recurso, aos efectos de convocar un concurso do dereito para continuar co seu aproveitamento. A devolución da garantía depositada para a restauración quedará condicionada ao depósito da correspondente garantía polo novo titular do dereito. En caso de non outorgarse o dereito no concurso indicado, requirirase ao titular anterior a restauración do espazo natural afectado con advertencia da execución do aval depositado no caso de non realizala."

---

Emenda nº16, ao apartado Cinco, de Modificación. Disposición derradeira sexta

Modifícase o punto Cinco, que queda redactada do seguinte xeito:

Cinco. Modifícase o artigo 16 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, que queda redactado como segue:

"Artigo 16 Bonificacións na cota

1. Cando como consecuencia dun proxecto de modificación de parques eólicos preexistentes en funcionamento, que supoñan unha substitución total ou parcial dos aeroxeradores por outros de maior potencia, e que dean lugar a unha redución efectiva das unidades de aeroxeradores que non supoña tramo diferente de base, a contía da cota que debe satisfacerse, no período correspondente a dita redución, bonificarase nunha porcentaxe resultante de multiplicar por 10 o número de unidades de aeroxeradores reducidas.

2. Esta bonificación terá carácter rogado e o seu recoñecemento estará condicionado á comunicación do proxecto de modificación de parques eólicos á dirección xeral competente en materia de enerxía e á acreditación efectiva polo devandito órgano do cumprimento das condicións sinaladas no punto anterior".

---

Emenda nº17, ao apartado Seis, de Modificación. Disposición derradeira sexta



Modifícase a nova redacción do punto 5 do artigo 33 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, que queda como segue:

"5. A dirección xeral competente en materia de enerxía enviará copia do proxecto sectorial do parque eólico ao órgano autonómico competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, para o efecto de obter no prazo máximo de vinte días informe sobre o cumprimento dos requisitos de distancias ás delimitacións do solo de núcleo rural, urbano ou urbanizable delimitado, establecidos no Plan Sectorial Eólico de Galicia. Así mesmo, o devandito órgano indicará, no mesmo prazo máximo de vinte días, os informes que deberán solicitarse en función das afeccións derivadas da normativa sectorial aplicable".

---

Emenda nº18, ao apartado Nove, de Substitución. Disposición derradeira sexta

Modifícase o punto Nove, que queda redactado do seguinte xeito:

Nove. Engádese unha nova disposición adicional primeira á Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, coa seguinte redacción:

“Disposición adicional primeira. Proxectos declarados de interese especial

1. Poderán ser declarados de interese especial polo Consello da Xunta os proxectos de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes renovables e as súas infraestruturas de evacuación asociadas, que se desenvolvan no marco de poxas para a asignación de réxime retributivo específico a instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de tecnoloxías renovables, impulsadas ao amparo do disposto no Real Decreto 413/2014, do 6 de xuño, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos, ou norma que o substitúa, coa finalidade de que sexan despachados prioritariamente polos distintos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia que interveñen no

procedemento administrativo da súa autorización e con carácter de urxencia.

2. A solicitude de declaración de interese especial destes proxectos deberase realizar á consellería competente en materia de enerxía, presentando unha memoria que conteña a súa especial incidencia e beneficios no ámbito industrial, social e territorial, entre outros, así como unha declaración responsable de que o proxecto se desenvolverá no marco das poxas indicadas anteriormente, debendo determinar o prazo previsto para a súa execución.

Para realizar esta solicitude, a persoa promotora do proxecto deberá presentar previamente, tanto para a instalación de produción de enerxía como para as infraestruturas de evacuación asociadas, a solicitude de autorización de construción, así como, se é preciso, a solicitude de declaración de utilidade pública e a de aprobación do proxecto sectorial.

3. A declaración de proxecto de interese especial será acordada polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta da persoa titular da consellería competente en materia de enerxía e abarcará conxuntamente o proxecto de produción de enerxía e as Infraestruturas de evacuación asociadas.

4. A declaración de interese especial dun proxecto terá como efectos a tramitación de forma prioritaria e con carácter de urxencia e a redución á metade dos prazos necesarios na instrución do procedemento da autorización administrativa previa e/ou de construción, así como dos prazos na instrución do procedemento de avaliación ambiental que sexa necesario. Así mesmo, reduciranse á metade os prazos necesarios na tramitación do proxecto sectorial.

5. Os proxectos declarados de interese especial deberán executarse e solicitar a autorización de explotación con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2020. En caso contrario, quedará sen efecto a declaración de interese especial do proxecto e se incautarán os correspondentes avais e garantías depositadas”.

---

Emenda nº19, de Modificación. Disposición derradeira sétima

Onde di “na forma prevista na Lei 30/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas ou norma que a substitúa” debe dicir “na forma prevista na lexislación do procedemento administrativo común das Administracións públicas”.

---

Emenda nº20, ao apartado Dous, de Modificación. Disposición derradeira novena

Na nova redacción da letra d) do punto 2 do artigo 83 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia debe substituírse “a inobservancia” por “o incumprimento”.

---

Emenda nº21, ao apartado Catro, de Modificación. Disposición derradeira novena

Modifícase a nova redacción do punto 2 do artigo 92 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que queda como segue:

2. Se os aproveitamentos aos que se refire este artigo esixisen, en virtude da lexislación sectorial aplicable, autorización administrativa de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, a autorización será única e o seu outorgamento corresponderá en todo caso ao órgano forestal competente segundo o punto anterior, que valorará tanto os aspectos de carácter forestal como os derivados da devandita lexislación sectorial. A distribución competencial en materia sancionadora e de control establecida pola lexislación sectorial non se verá afectada pola competencia para o outorgamento da autorización única polo órgano forestal.

---

Emenda nº22, ao apartado Catro, de Adición. Disposición derradeira novena

Engádesse un novo punto 6 bis á nova redacción do artigo 92 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, coa seguinte redacción:



7. Por orde das consellerías competentes poderán aprobarse pregos coas condicións sectoriais ás que deberán suxeitarse os aproveitamentos madeireiros das especies contidas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia nos terreos afectados polas normativas a que fan referencia as letras b e c do número primeiro deste artigo. Unha vez aprobados estes pregos, cos condicionantes concretos aos que terán que someterse os referidos aproveitamentos, a declaración responsable do cumprimento dos requisitos contidos nos anteditos pregos substituirá á solicitude de autorización de aproveitamento e non será necesario recadar o informe dos órganos sectoriais competentes, sen prexuízo das responsabilidades a que houbera lugar como consecuencia da inexactitude, falsidade ou omisión dos datos contidos na referida declaración.

---

Emenda nº23, ao apartado Once, de Adición. Disposición derradeira novena

Engádese un novo apartado Once, co seguinte contido:

Once. Engádese unha nova disposición adicional sétima á Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, coa seguinte redacción:

“Disposición adicional sétima. Información xeolocalizada de espazos suxeitos a algún réxime de protección e de ámbitos de protección do dominio público.

Os distintos departamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia colaborarán para que se publique no portal para solicitudes de cortas privadas da consellería competente en materia de montes, a información xeolocalizada debidamente actualizada que permita coñecer cando os montes ou terreos forestais forman parte de espazos suxeitos a algún réxime de protección ou cando están afectados por algunha lexislación de protección do dominio público, de xeito que permita aos operadores económicos unha planificación da xestión forestal respectuosa cos ditos espazos.”





Emenda nº24, ao apartado Un, de Modificación. Disposición derradeira décima

Modifícase o apartado Un, que queda redactado do seguinte xeito:

Un. Modifícase o punto 2 do artigo 47 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que queda redactado como segue:

“2. A competencia para autorizar a execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público da estrada ou nas súas zonas de protección correspóndelle á administración titular da estrada, excepto na corta de arboredo, que terá que ser autorizado unicamente polo órgano competente en materia forestal, de acordo co disposto na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, ou norma que a substitúa, logo de informe preceptivo e vinculante do órgano competente da administración titular da estrada.”

---

Emenda nº25, ao apartado Tres, de Modificación. Disposición derradeira décima

Modifícase o apartado Tres, que queda redactada do seguinte xeito:

Tres. Modifícase a alínea g) do punto 1 do artigo 43 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que queda redactada como segue:

“g) As instalacións provisionais, cun prazo fixado, asociadas a actividades de interese ou uso público ou para a realización de actividades relacionadas coa conservación ou construción de instalacións industriais ou de edificacións.”

---

Emenda nº26, de Supresión. Disposición derradeira décimo primeira

Débase suprimir esta disposición derradeira.

---

Emenda nº27, de Adición. Disposición derradeira décimo segunda

Introdúcese unha nova Disposición Derradeira Décimo segunda bis, co seguinte texto:

“Disposición Derradeira Décimo segunda bis. Modificación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

Engádese un novo parágrafo na aliña Catro do artigo 13 da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, que queda redactado do seguinte xeito:

Excepcionalmente se poderán autorizar programas cunha financiación distinta á sinalada anteriormente con autorización previa e conxunta da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e a Dirección Xeral da Función Pública; xustificando previamente polo departamento solicitante o beneficio para o interese público, a necesidade da realización do programa e acreditando a insuficiencia de medios persoais do departamento/consellería responsable.”

---

Emenda nº28, de Modificación. Disposición derradeira décimo terceira

Na nova redacción do punto 1 do artigo 9 do Decreto 59/2013, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, en materia de execución e explotación de infraestruturas hidráulicas, débese substituír a expresión “por prazo non inferior a vinte días hábiles” pola seguinte: “por prazo de vinte días hábiles”.

---

Emenda nº29, ao apartado 2, de Modificación. Disposición derradeira décimo cuarta

Modifícase o apartado 2, que debe quedar redactado do seguinte xeito:



2. No prazo máximo de seis meses dende a entrada en vigor desta lei aprobaranse as normas regulamentarias necesarias para facer efectivo o réxime de incentivos ao investimento previsto no artigo 40.

---

Emenda nº30, de Substitución. Disposición derradeira décimo sexta

Modifícase o contido desta Disposición, que queda do seguinte xeito:

Esta Lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, con excepción das medidas de racionalización dos aproveitamentos madeireiros de carácter comercial, que producirán efectos no prazo de seis meses dende a entrada en vigor desta lei.

---

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 27/09/2017 18:02:33**



PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727